



# Guía dos líquens do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Josefina Álvarez Andrés  
María José Sánchez-Biezma Serrano



Plan de Recuperación,  
Transformación e Resiliencia



Financiado pola  
Unión Europea  
NextGenerationEU



XUNTA  
DE GALICIA

Plan de Recuperación,  
Transformación e Resiliencia



Financiado pola  
Unión Europea  
NextGenerationEU



# **Guía dos líques do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

**Josefina Álvarez Andrés  
María José Sánchez-Biezma Serrano**

Primeira edición, 2023.

**Estela Edicións**

Impreso por: OBRADOIRO GRÁFICO, S.L.

O proxecto está subvencionado pola Orde de Axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) – financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU para os anos 2022-23.



**Financiado pola  
Unión Europea**  
NextGenerationEU

## ÍNDICE

<b>Situación do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Ilas Atlánticas .....</b>	8
<b>Por qué esta guía .....</b>	14
<b>Que me vou encontrar nesta guía .....</b>	19
<b>Caracteres mais importantes para identificar ou recoñecer os líques .....</b>	20
<b>Catálogo dos líques do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Ilas atlánticas .....</b>	42
<b>Táboa de sinonimias .....</b>	161
<b>Glosario .....</b>	165
<b>Bibliografía .....</b>	170
<b>Listado alfabético de xéneros e especies.....</b>	173

Adicado á memoria de ***Regina Carballal Durán***,  
pola súa paciencia e xenerosidade.

## AGRADECIMENTOS |

Queremos dar o noso mais sincero agradecemento ao Director do Parque, José Antonio Fernández Bouzas, por permitirnos difundir o coñecemento sobre os líques, contribuíndo deste xeito ao fomento da divulgación do noso patrimonio natural.

- Á Dra. M<sup>a</sup> Eugenia López de Silanes Vázquez, profesora titular da Universidade de Vigo e integrante do equipo de Líquenoloxía de Galicia polo seu apoio incondicional, axuda e incansable ánimo.
- Ao Dr. Pier Luigi Nimis, Catedrático de Xeobotánica da Universidade de Trieste (Italia), que nos brindou de modo inmediato o permiso para utilizar as fotografías do Herbario da Universidade de Trieste.
- A Leopoldo Bahillo, Aida García Molares, Carlos Pérez Valcárcel e Graciela Paz Bermúdez, compañeiros do equipo de Líquenoloxía, cuxos traballos bibliográficos serviron de base a esta guía.
- Ao persoal do Parque, especialmente a Luís, que brindáronos a súa axuda para movernoso polo Parque e resolver problemas “técnicos”.

Así mesmo, queremos expresar o noso mais sinceiro agradecemento e cariño á **Dra. Regina Carballal**. Pionera no estudo dos líquens en Galicia, co seu tesón, paciencia, compañerismo e buen humor formou ao equipo de liquenólogos galegos.

Foi ela quen prologou este texto que quixemos deixar para recordala sempre.

## PRÓLOGO

Las áreas protegidas son espacios idóneos para interesar o aumentar el interés de los visitantes por los seres vivos que las habitan. Por eso las publicaciones docentes y de divulgación centradas en estas zonas tienen una especial importancia. Del "Parque Nacional de las Islas Atlánticas" hay varias guías pero ninguna referida a los líquenes que son una parte sustancial de la flora y vegetación del litoral.

El espacio litoral presenta una flora característica pues muchos factores ambientales propios de estas áreas son poco favorables para la vida. La salinidad es el más importante y característica, pero hay muchos otros: el viento, la insolación, la erosión por arena, la movilidad de algunos sustratos ..; de manera que sólo organismos capaces de adaptarse a ellos pueden prosperar en ese espacio. Es bien conocida la capacidad de los líquenes para vivir en medios hostiles, como los desiertos o la tundra, su presencia en la costa, muy especialmente en los roquedos, corroboran esta propiedad.

La flora liquénica del litoral gallego es muy rica en especies algunas de ellas realmente singulares por sus distribuciones restringidas. En el Parque se conocen más de 250, en su mayoría saxícolas, pero también corticícolas o viviendo en suelos y dunas. Entre ellas podemos citar por su importancia biogeográfica: *Bactrospora carneopallida* y *Lecanographa dialeuca* sólo conocidas en Europa de estas islas; lo que explica que sean dos de las cuatro especies liquénicas que figuran en el "Catálogo galego de especies amenazadas". Otros líquenes propios de rocas litorales como *Porina curnowii* y *Catillaria subviridis* tienen una distribución tan restringida en las costas atlánticas de Europa que podrían incluirse en el mencionado catálogo. Algo semejante se puede decir de *Teloschistes flavicans* que figura en las Listas Rojas de varios países europeos. Entre las

especies corticócolas destaca la presencia de elementos de áreas cálidas como *Ramalina canariensis*. Estos taxones son ejemplos que muestran la variedad y singularidad de la flora de líquenes del Parque, su interés científico y la necesidad de vigilar su estado de conservación.

Las autoras de esta guía, Doctoras Josefina Álvarez Andrés y M<sup>a</sup> José Sánchez-Biezma Serrano son dos prestigiosas especialistas en liquenología, materia en la que han realizado sus tesis doctorales. Ambas cuentan con muchas publicaciones sobre líquenes en revistas científicas de prestigio tanto españolas como extranjeras en las que queda patente su amplio conocimiento sobre la flora liquénica especialmente la de Galicia. Su experiencia como docentes y divulgadoras es sin lugar a dudas un aval para esta guía, que es realmente un compendio riguroso de la flora liquénica del Parque y una excelente introducción al conocimiento de unos organismos tan peculiares como son los líquenes.

Mis felicitaciones a las autoras, amigas y discípulas y mi deseo de que este texto sea útil a los visitantes y a los gestores de este Parque de naturaleza realmente singular.


M<sup>a</sup> Regina Carballal Durán  
Profesora Titular de Botánica en la USC

## SITUACIÓN DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS

O parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, o único da nosa comunidade, ubícase nas provincias da Coruña e Pontevedra, e comprende os Arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada e as augas do seu entorno.

Foi declarado como tal na Lei 15/2002 do 1 de Xullo, pola singularidade da súa riqueza faunística, a variedade das formacións vexetais e a espectacularidade paisaxística dende un punto de vista xeomorfolóxico, representando os ecosistemas costeiros e mariños da Rexión Eurosiberiana.


Cunha extensión de 8.480 ha, o Parque integra o medio mariño (86%) e o terrestre (14%). O medio mariño é moi rico tanto en flora como en fauna, con 300 especies de algas e numerosos invertebrados asociados a esta vexetación, así como importantes vertebrados como tartarugas, marsopa, balea, foca, delfíns e moitas aves. O medio terrestre ten acantilados, praias e marismas coma ecosistemas mais importantes cunha elevada diversidade de fauna e flora. Existen 200 especies vexetais, 55 delas endemismos, ademais doutras de distribución restrinxida, 150 especies de invertebrados e vertebrados, 63 dos cales están protexidos por convenios internacionais.



Fonte das fotos de ubicación: Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.


## Arquipélago das Illas Cíes |

Está ubicado á entrada da Ría de Vigo e pertence a ese Concello. Comprende as illas de Faro e Monteagudo, unidas polo itsmo que forma a Praia de Rodas, e San Martiño, a situada mais ao Sur. Son 2.658 ha mariñas e 433 terrestres.




## Arquipélago de Ons

Na boca da Ría de Pontevedra e pertencente ao término municipal de Bueu (Pontevedra), o forman as Illas de Ons, Onza e Onceta, cos Illos de Freitas, Centolo, Fedorentos e Cairo. Ten 2.171 ha marítimas e 470 terrestres.




## Arquipélago de Sálvora

Atópase na entrada da Ría de Arousa, e está adscrito ao Concello de Ribeira (A Coruña). Está formado pola Illa de Sálvora, e illotes próximos, entre eles Vionta e Sagres. Ten unha superficie de 2.309 ha marítimas e 248 terrestres.



## Arquipélago de Cortegada

No interior da Ría de Arousa, pertence a Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Comprende as illas de Cortegada, Malveira Grande, Malveira Chica, Bríñas e Monte do Con, cunha superficie de 43,8 ha terrestres.



## POR QUÉ ESTA GUIA

O medio natural do Parque Nacional das Illas Cíes está bastante estudiado. Hai guías sobre vertebrados, animais mariños, vexetación superior; se coñecen as algas, a xeoloxía, o clima. Sen embargo, aínda non se deran a coñecer uns dos organismos mais representativos do Parque: os líques.

Dende o ano 1998, se coñece a flora liquénica destas illas gracias a dous traballos realizados no Departamento de Botánica da Universidade de Santiago:

- Tese de doutoramento de Graciela Paz Bermúdez "Liques saxícolas e fungos liquenícolas da costa de Galicia". Nela se fai un estudio pormenorizado dos líques que viven na costa de toda Galicia, incluíndo as Illas deste Parque Nacional. Se catalogan 154 especies que viven sobre rochas, dunas, praias e solo.
- A "Flora liquénica epífita del Parque de las Islas Cíes (Pontevedra, España)" de Carballal, R.; Paz Bermúdez, G. & Sánchez-Biezma, M.J., deu como resultado 76 táxones de líques que crecen sobre árbores.

En total, son 230 especies de líques no Parque Nacional das Illas Atlánticas, o que da idea da gran riqueza florística. Ademais tamén é interesante resaltar, non so o elevado número de líques, senón a presencia de **especies de distribución restrinxida** que hai neste Parque Nacional; por exemplo: *Bactrospora carneopallida* –sinalada en diversos puntos costeiros da Rexión Macarronésica e Sáhara-árabe-, *Lecania aipospila* –das Illas Británicas, Noruega, Suecia e costa atlántica francesa- e *Physcia mediterranea*– encontrada no entorno do Mediterráneo.

Ademais, *Bactrospora carneopallida* está incluida no "Catálogo galego de especies amenazadas", na categoría de "en perigo de extinción"



(Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies amenazadas)

Os coñecementos actuais da flora líquénica costeira de Galicia en xeral e do Parque Nacional en particular, permiténdonos saber que esta flora está agrupada en comunidades ou franxas moi características.

## A importancia das comunidades líquénicas costeiras

**N**as rochas da costa, entre a parte alta da franxa litoral e a zona terrestre, **os liques dominan a flora** e configuran a vexetación, de modo que son, indudablemente, os seres vivos mellor representados neste ambiente tan peculiar.

Unha das características mais importantes da flora líquénica saxícola costeira, é a súa singularidade, que fai que nos rochedos marítimos haxa un conxunto florístico exclusivo en onde destacan comunidades específicas destes ambientes, organizados en cintos. En función da adaptación ao medio dende a zona inferior da costa á superior destacan:




### A Zona Litoral

Está comprendida entre os niveis extremos das mareas vivas, somerxida coa marea alta; na parte inferior crecen *Lichina pygmaea* (fruticuloso) e *Pyrenocollema halodytes* (crustáceo) sobre arneiróns.

***Verrucaria spp.***

A medida que alonxámonos do mar, comezan a desenrolarse ademais de *Lichina confinis* (fruticuloso) especies de liques crustáceos de tons escuros do xénero *Verrucaria* (*V. amphibia*, *V. ditmarsica*, *V. halizoa*, *V. maura*, *V. striatula*). A penúltima especie, é a que lle da o nome científico de *Verrucarietum maura* DR. (1932) a este “cinto negro”, que marca o límite ca zona supralitoral.



*Lichina pygmaea*

### A Zona Supralitoral

Está baixo a influencia do mar en forma de salpicaduras ou néboas ou “spray” mariño.

Destacan dous subzonas:

A.- Unha inferior ou mésica sometida ás salpicaduras e inundacións ocasionais das mareas vivas.



Se denomina “cinto laranxa” porque domina esta cor pola presencia de especies de *Caloplaca*: *C. holocarpa*, *C. marina*, *C. thallincola*, mesturados con talos brancos de *Lecania helicopis* e *Lecanora actophila*. Son as especies da comunidade chamada




Caloplacetum marinae DR. (1925), todos crustáceos.

B.- Unha superior ou xérica sometida á acción das néboas ou "spray" mariño.

Son características desta comunidade en situacións expostas: Anaptychia runcinata, Buellia leptoclinoides, B. stellulata, Catillaria chalybeia var. chloropoliza, Opegrapha calcarea, Pertusaria pluripunctata, Ramalina cuspidata, R. siliquosa, Rinodina beccariana R. Iuridescens, R. santorinensis var. olivieri, Solenopsora vulturiensis, Tephromela atrata e Xanthoria parietina entre outras. Estas especies configuran a comunidade Ramalinetum scopularis Klem. (1955). (Están subraiadas as mais facilmente reconóecibles). Todas as especies son crustáceas, salvo as de Ramalina que son fruticulosas e Anaptychia e Xanthoria que son foliáceas.

**Ramalinetum scopularis**



En situacións protexidas e sombrizas dominan Diploicia canescens, D. subcanescens (con alga verde) con outros talos con alga Trentepohlia: Dirina massiliensis fa. massiliensis, D. massiliensis fa. sorediata, Roccella fuciformis, R. phycopsis, R. tinctoria e Sclerophyton circumscriptum.

### A Zona Terrestre

Non hai influencia mariña e dominan as especies de terra dentro.

## QUE ME VOU A ENCONTRAR NESTA GUÍA

**E**n primeiro lugar un apartado xeral sobre os líques que inclúe:

- Descripción das características morfolóxicas mais importantes.
- Unha breve reseña sobre os ácidos lixénicos: sustancias importantes para poder identificalos.
- Ecoloxía dos líques.
- Recolección e conservación.
- O seguinte apartado é o **catálogo de líques**, con descripcións e fotografías de tódolos xéneros e daquelas especies mais frecuentes ou facilmente identificábeis, prescindindo o mais posíbel dos caracteres microscópicos.
- A seguinte parte é unha táboa de sinonimias.
- Continuamos cun glosario de termos que facilitará a consulta.
- A bibliografía é o seguinte apartado.
- E rematamos cun índice de xéneros e especies.

## CARACTERES MAIS IMPORTANTES PARA IDENTIFICAR OU RECOÑECER OS LIQUES

### Morfoloxía dos liques

#### ¿Que son os liques?

Os liques ou fungos liquenizados son organismos talófitos; é dicir, organismos nos que non se diferencian raíces, follas, tallos, nin por suposto verdadeiros tecidos.

Con esta definición, estaríamos describindo tamén ás algas e ós musgos e hepáticas. Entón ¿qué característica específica teñen os liques para poder distinguilos de estes outros organismos? A súa singularidade está na súa dobre natureza, xa que están compostos por dous tipos de seres vivos, un fungo e unha alga que se xuntan para constituir outro ser vivo diferente a eles e con características únicas.



Alga e fungo en talo de *Collema*

## Os liques teñen dous compoñentes básicos: fungos e algas

As algas, pertencen ao reino Plantae e son organismos eucariotas, uni- ou pluricelulares, talófitos e fotosintéticos. Viven en medios acuáticos, doces ou salgados e algunhas no medio terrestre húmido.

As cianofíceas, antes consideradas algas, na actualidade pertencen ó reino Monera integrado por procariotas e considéranse bacterias ou cianobacterias.

Os fungos pertencen ao reino Fungi. Son organismos eucariotas, talófitos, heterótrofos, normalmente filamentosos. Estes filamentos chámanse **hifas**, e ó conxunto delas dun mesmo individuo forma o **micelio**.

O fungo ou **micobionte** é o compoñente mais importante do liquo, xa que determina a morfoloxía e posibilita a reproducción sexual.

Non se encontran libres na natureza, se non que sempre están asociados cas algas.

Entre os fungos que interveñen na simbiose hai:

**Fungos Ascomycetes:** Aproximadamente o 90%. Teñen reproducción sexual a través dunhas esporas chamadas **ascosporas**, que se forman en ascocarpos ou **ascomas**.

**Fungos Basidiomycetes:** Case un 10%. Estes fungos son os que forman basiodiosporas de reproducción sexual nos **carpóforos** ou "setas".

**Fungos Deuteromycetes:** O resto. A eles pertencen fungos que soamente se reproducen por reproducción asexual.

O redor dun 20% dos fungos están liquenizados.

A alga ou **fotobionte** encárgase de sintetizar sustancias orgánicas, gracias a fotosíntese.


Estes organismos pódense atopar libres na natureza.

Os grupos de algas que interveñen na simbiose son:

**Clorófitos ou algas verdes:** aproximadamente os 2/3. Son importantes: *Trebouxia*: unicelular cun gran cloroplasto en posición central. O 90% das simbioses con clorófitas corresponden a este xénero. *Trentepohlia*: filamentosa con moitos carotenos que lle dan unha coloración alaranxada. Frecuentemente os líquenes de lugares umbríos e países tropicais conteñen esta alga.



*Trentepohlia*



*Trebouxia*

**Cianobacterias:** Aproximadamente 1/3. Son de cor verde azulada, as veces cubertas dunha vaíña incolora, amarelenta ou púrpura. O xénero *Nostoc* é o mais abondoso.



*Nostoc*

## Os fungos e as algas se distribúen no talo dun xeito determinado

No interior do talo líquénico, o fungo e as algas, non se distribúen ao azar, senón formando unhas capas ben diferenciadas. Nesta asociación o fungo é o que ten maior peso.

Existen dúas maneiras de distribución dos simbiontes nos talos líquénicos:

**Talo homómero:** O fotobionte e o micobionte están uniformemente repartidos. O primeiro é unha cianobacteria cuias vaíñas mucilaxinosas dan un aspecto xelatinoso ao talo en estado húmido. Esta estructura é característica dos talos xelatinosos.



**Corte de talo homómero coa cianobacteria *Nostoc***

**Talo heterómero:** O fungo e as algas distribúense en capas ben delimitadas. É a estructura mais abondosa.



**Corte de talo heterómero**

Os talos heterómeros poden presentar dous tipos de estructuras:

Estratificada: se diferencian de arriba cara abajo varias capas superpostas:



**Córtex superior:** Só participa o fungo cas súas hifas moi apertadas, formando falsos tecidos. A súa función é a de protección fronte as condicións ambientais estremas nos que viven os líques. **Capa algal:** Predominan as algas rodeadas dalgunhas hifas do fungo. Sitúanse onde a intensidade lumínica é a suficiente para que poidan realizarla fotosíntese. Neste capa se realiza o intercambio de nutrientes entres os dous simbiontes. **Medula:** Formada só por hifas do fungo distribuídas de forma laxa. Estas hifas acumulan sustancias de reserva, auga e cristais que se dispoñen extracelularmente. **Córtex inferior:** Soamente hifas do fungo dispostas de forma compacta, coma no córtex superior. Nos líques incrustantes esta capa non existe.

**Radial.**- Presente nos líques fruticosos. O córtex superior, capa algal e medula, se sitúan de forma concéntrica. Non hai córtex inferior. A capa mais interna da medula si é compacta constitúe o **cordón axial**.

## Formas dos líques

A morfoloxía do aparato vexetativo depende do fungo, que é o compoñente principal do líque. Sen embargo, a súa morfoloxía non se parece en nada á dos fungos de vida libre que coñecemos, por exemplo, as setas.

Os talos líquénicos se clasifican en 7 tipos morfolóxicos fundamentais, cada un deles cun aspecto mais ou menos diverso e as veces con transicións cara os outros tipos.

**Incrustantes:** Talos formando manchas ou coscos moi adheridos ao substrato, difíciles de separalos del sen que se rompan. Poden medrar sobre o substrato ou estar incluídos nel. Neste derradeiro caso só son visíbeis os órganos reproductores do talo.

A maioría das veces pasan desapercebidos ou parecen manchas.

Talo incrustante de *Diploschistes*



**Escuamulosos:** Formados por compartimentos ou escuámulas, mais ou menos continuas, pero ca marxe non unida ao substrato.

Existen tódalas transicións entre talos escuamulosos e incrustantes e tamén entre os foliáceos que se describen a continuación.

Talo escuamuloso de *Acarospora*



**Foliáceos:** Formados de láminas ou follas estendidas paralelamente ao substrato e relativamente doadas de separalos del. Os bordes son lobulados. Fíxanse ao substrato por unhas estructuras especializadas chamadas **rizinas**.



Talo foliáceo de *Parmelia*



Talo embigado de *Umbilicaria*

As veces poden ser **embigados**, é dicir, unidos ao substrato por un só punto ou **embigo**.



**Fruticulosos:** Aspecto de pequeno arbusto ou barbas, péndulo ou erguido, constituído por ramas ramificadas ou non, planas ou cilíndricas, e adheridos ao substrato por un só punto chamado **disco basal**.

Talo fruticuloso de *Evernia*

**Compostos:** Presentan un talo primario incrustante, escuamuloso ou foliáceo e outro secundario, fruticuloso erguido, chamado **podecio**. Estes podecios poden ser talliños simples ou ramificados, có estremo agudo ou en forma de trompetas ou funís, chamados **escifos**. En ocasións o talo primario desaparece, conservándose únicamente os podecios.



Talo composto de *Cladonia*

**Xelatinosos:** Teñen como fotobionte unha cianobacteria que lle da unha consistencia xelatinosa. Cando están secos teñen cor negruzca e son quebradizos, pero hidratados adquieren cor azulada-verdosa e volvense xelatinosos a causa da hidratación das vaíñas que envolven ás cianobacterias. Poden ser dende escuamulosos a foliáceos ou fruticulosos.



Talo xelatinoso de *Collema*

**Leprarioides:** Aspecto fariñento ou pulverulento, formado de pequenos gránulos.



Talo leprarioide de *Psilolechia*

## Os liques forman estruturas específicas

As seguintes estruturas non se encontran nin en algas de vida libre nin en fungos non liquenizados; son exclusivos dos liques.

Se poden agrupar segundo as funcións que realizan:

### Reproducción vexetativa

**Isidios:** Son protuberancias tapizadas polo córtex superior nas que penetra a capa algal. Pódense separar facilmente do talo e dar un novo individuo. A súa forma varía dende globulosa, escuamulosa, en cravo, cilíndrica e as veces ramificados coma un coral.

Isidios coraloides de *Umbilicaria*



**Soráis:** Rotura do córtex superior con aspecto pulverulento, compostos por diminutos propágulos con algas asociadas ao fungo, chamados **soredios**. Cada un deles pode dar lugar a un novo talo.

Soráis de *Pertusaria*



## Aireación ou intercambio de gases

**Cifelas:** Escavacións de contornos arredondados na cara inferior do talo, semellando pequenos cráteres.

*Sticta* con cifelas



**Pseudocifelas:** Poros que se abren na cara superior e inferior do talo, como consecuencia da rotura do córtex e que deixan aflorala medula ó exterior.

*Parmelia* con pseudocifelas



## Nutrición

**Cefalodios:** Engrosamentos debidos á asociación dun segundo fotobionte, diferente ó que constitúe o talo. Normalmente é unha cianobacteria con capacidade de fixar nitróxeno atmosférico. Poden ser externos na cara superior ou inferior e tamén internos.



## Fixación ó substrato

**Rizinas:** Prolongacións en forma de fío, simples ou ramificadas, constituídas por varias hifas compactas. Atópanse no cara inferior dos líques foliáceos e parecen raíces de plantas. Solen ter a mesma cor que o córtex inferior.

**Embigo:** Grupo de hifas densas e grosas orixinadas na medula, situadas no centro dos talos embigados, formando unha depresión na cara superior. Son habituais nos xéneros *Lasallia* e *Umbilicaria*.

## Apéndices ou excrecencias do talo

**Cílios:** Finas excrecencias, más escuras có talo, situadas sobre a cara superior ou na marxe do talo.



Cílios en *Physcia adscendens*

**Pelos, tomento:** Os pelos son estructuras filiformes moi pequenas soamente visibles á lupa, e cunha soa capa de células. O tomento é unha pubescencia moi compacta de pelos.

**Veas:** Engrosamentos parciais da medula, na cara inferior do líque, xeralmente alongados. Semellan nervios de follas. Poden ou non portar rizinas ou tomento.

**Fibriñas, papilas, nódulos:** As fibrinhas son curtas ramificacións do talo. As papilas son pequenos conos mais altos que anchos que con frecuencia se atopan entre as fibrinhas. Os nódulos son saíntes do talo más anchos que altos e poden dar nacemento a soráis. Todas estas estructuras son características do xénero *Usnea*.

## Reproducción dos Liques

### ¿Cómo se reproducen os liques?

A reproducción nos liques pode levarse a cabo coa colaboración dos dous organismos que componen a simbiose ou por parte do fungo, coma se indica na seguinte táboa, pero nunca por parte do fotobionte.

Tipo de reproducción	Estructuras desenroladas polo fungo	Estructuras desenroladas polo fungo e a alga asociados
Reproducción asexual ou vexetativa	Picnidios	Fragmentación, soráis, isidios
Reproducción sexual	Ascocarpos basidiocarpos	e/ou

A reproducción pode ser asexual ou vexetativa (sen intercambio xenético) e sexual (onde este intercambio ten lugar).

#### Reproducción asexual ou vexetativa

Parece o tipo de reproducción máis eficaz, xa que a dispersión do fungo e da alga é conxunta. Poden adoptar varias maneiras:

**Fragmentación do talo:** Os talos secos dos liques son moi quebradizos e poden rachar facilmente ao tocalos, producíndose fragmentos de conteñen os dous participantes da simbiose e que poden formar un novo lique.

**Picnidios:** Pequenos órganos piriformes ou en forma de botella, abertos por un poro apical, en cuxo interior fórmanse diminutas esporas asexuais denominadas **conidios** ou **picnidiosporas**. Son xeralmente unicelulares e incoloras. A súa forma varía dende elipsoidais ata curvadas e sinuosas. Estes órganos se ven coma pequenos puntos de cor negra afundidos no talo.

### Isidios e soralios (ver apartado anterior)

### Reproducción sexual

Este tipo de reproducción realiza o micobionte exclusivamente. Polo tanto a reproducción vai depender do grupo ao que corresponda o micobionte.

A reproducción sexual ten a desvantaxe de que este fungo necesita atopar a alga adecuada para que se forme un novo talo.

Dado que os Ascomycetes participan na simbiose nun 90% das veces, falaremos da reproducción sexual dos **ascoliques** ou liques cuxo fungo é un Ascomycete.

Os **corpos fructíferos de reproducción sexual** dos ascoliques chámanse **ascocarplos** ou **ascomas**.

Estes pódense clasificar dende o punto de vista morfolóxico en:

**Apotecios:** Teñen forma de copa ou prato.

Son moi variables en tamaño (dende  $\leq 1$  mm ata varios cm), cor e localización no talo (superficiais, nas marxes ou na cara inferior dos lóbulos).



Talos incrustantes con apotecios

As partes externas do apotecio son: o **disco** (parte superior do apotecio, coa superficie lisa, pregada, rugosa ou umbada; neste último caso ten unha pequena prominencia no medio) e o **excípulo** ou **reborde** (borde ou marxe do apotecio con ou sen algas. Se contén algas os apotecios




chámanse **lecanorinos**. Se non as ten chámanse **lelideíños**. Os primeiros teñen o excípulo da mesma cor co talo, e os segundos, da mesma cor co resto do apotecio. As partes internas son: Himenio con as paráfisis, epitecio, hipotecio, ascas (coas ascosporas) (Ver glosario).



Apopecios lelideíños (negros) e lecanorinos (marróns)




Corte dun apotecio lelideíno




Corte dun apotecio lecanorino

As esporas, son uns dos caracteres máis importantes para determinalos liques pola súa variabilidade en canto a forma, cor, superficie da parede, parede externa ou perispóra e número de esporas por asco.



Esporas: simple, polarilocular, cun tabique e mural.

**Lirelas:** Ascosas con forma de fenda, alargados, rectos ou sinuosos, ramificados ou non. Teñen as mesmas partes co apotecio.




Lirelas de *Opegrapha*

**Peritecios:** Ascosas de formas más ou menos globosa ou de pera, abertos por un poro ou **ostíolo**.

Están constituídos por: **excípulo**, **involucrolo**, **perífisis**, **himenio**, **subhimenio** (Ver glosario).

Os peritecios poden ser prominentes ou estar más ou menos inmersos no talo ou no substrato e poden aparecer illados ou en grupos.



## Substancias Liquénicas |

Os líques son capaces de sintetizar substancias liquénicas, resultado do metabolismo secundario do fungo que o compón. Estas substancias acumúlanse en forma de cristais sobre a superficie das hifas.


Ata agora, describiríronse 700 substancias pertencentes a grupos químicos moi diferentes: terpenos, esteroides, carotenoides, xantonas, entre otros.

Aínda que se saben certas propiedades que teñen estas substancias (quelantes, hidrófobas, antibióticas, etc...), non se sabe con exactitude para qué valen estes pigmentos, pero son de **inestimable axuda para determinar e clasificar os líques**. Aproximadamente un 60% deles poden ser identificados coa axuda de técnicas químicas. De feito, dende hai moito tempo sábese que as sustancias liquénicas presentes nos talos reaccionan fronte á **potasa (K)**, o **hipoclorito sódico (C)**; **potasa e hipoclorito (KC)** e o **parafenilendiamida (P)** dando cores características no córtex ou na medula.

Outras técnicas químicas empregadas para a identificación de líques e as súas substancias químicas é o HPLC ou Cromatografía Líquida de Alta Precisión e tamén outra más simple o TLC ou Cromatografía en Capa Fina.

### **Os liques elementos da paisaxe**

Os liques forman parte da paisaxe colonizando tódolos substratos: rochas, árbores, madeira morta, solo etc.... Tamén substratos construídos polo home: igrexas, casas, muros, cemiterios, aportando unha pátina ás pedras vellas. Ademais son capaces de colonizar outros substratos como ferro, pintura, vidro, plásticos, etc..... En cada caso teremos un grupo ou comunidade de liques, que ademais de estar condicionados pola natureza do substrato, tamén o están polo clima e as condicións microclimáticas (retención de auga, exposición, humidade, luz, sol...)



Os liques pódense reagrupar en tres categorías segundo sexa a natureza do substrato:

- **Epífitos**
- **Saxícolas**

## ➤ Humícolas, terrícolas

### Os líquens epífitos

Son aqueles que viven nos troncos e ramas das árbores. Os morfotipos mais habituais son foliáceos e fruticulosos.

A textura da casca (rugosa ou lisa), a natureza química, a capacidade para reter auga condiciona as especies que poden vivir nas árbores. Tamén se están nun bosque de folla caduca ou perenne ou nunha cidade, xa que a pureza do aire condiciona moito as comunidades que se desenrolan neles. Non en vano, os líquens son uns excelentes bioindicadores de contaminación.



Líquens sobre coníferas

### Os líquens saxícolas

Son os líquens que viven sobre rochas ou ben sobre construccions feitas polo home. Os líquens saxícolas son predominantemente crustáceos.

Forman grupos ou comunidades particulares dependendo da acidez ou basicidade da rocha, da afinidade polo nitróxeno, luz ou auga.



Líquens sobre rocha

## Os liques humícolas e terrícolas

Son os liques que crecen sobre o solo.

Dependen moito da composición química, si é calcario ou non e si son húmicos o que conllevaría unha certa acidez.

*Cladonia* sobre solo



## Recolección, identificación e conservación dos líques

### ¿Cómo se recolectan os líques?

A recolección dos líques é moi sinxela. Son organismos perennes, polo tanto presentes todo o ano. Cunha navalla, recólleñense os líques epífitos (que crecen en árbores) procurando danar o menos posible a casca. Da mesma maneira cóllense os do solo. No caso dos saxícolas, que crecen en rochas, é necesario o emprego dun cicel e un martelo, sacando anacos de pedra pequenos. Cada liquo ou grupo de líques así recolectados, métense en sobres de papel, e neles anótanse os seguintes datos identificativos: nome da especie (si se sabe), data e lugar de recolección o máis exacto posible, hábitat, altitude, orientación, e pódese engadir un apartado de observacións.

Unha vez no laboratorio, os líques sácanse das bolsas de papel e esténdense nunha mesa perante uns días para que sequen e deste modo evitado crecemento por enriba deles dos fungos da humidade (mofos).

### ¿Cómo podemos identificalos?

Para a determinación dos líques, é necesario identificar os caracteres macroscópicos e microscópicos ca axuda da lupa binocular e o microscopio óptico respectivamente.

Débese estudialo talo e ver a cor, a morfoloxía, a presencia de órganos típicos dos talos (coma soráis, isidios, rizinas ...), órganos reproductores (apotecios, lirelas...) e as reaccións de coloracións en diferentes partes do liquo fronte os productos químicos (potasa, parafenilendiamida ...).

Ao microscopio óptico se verán cortes dos ascomas ou peritecios, fixándose en tódalas partes que o componen e tomando nota das cores, tamaños, etc.

Unha vez que coñecemos todos estes caracteres, pódense empregar chaves de identificación de fungos liquenizados que axudan a poñerles nomes aos exemplares recolectados.

### **Existen coleccións de herbarios onde se conservan os líques**

Unha vez que os líques están debidamente identificados, pódense conservar en herbarios. Os exemplares métense en "pliegos de herbario", normalmente sobre, que levan unha etiqueta identificativa cos seguintes datos.

Nº de prego	
Herbario de (criptogamia, fanerogamia, líques)	
Xénero Especie	
Hábitat	
Data (de recolección)	
Localidade (lugar, concello, provincia, país)	
Altitude	
Orientación	
Legit (nome da persoa que o recolleu)	
Det (nome da persoa que o identificou)	
Observacións	

Tódolos pregos gárdanse en caixas ordenados, por exemplo, por orden alfábético, e nelas se introducen boliñas de alcanfor para evitar o ataque de couzas e outros insectos.

## CATÁLOGO DOS LIQUES DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DASILLAS ATLÁNTICAS

Neste apartado se presentan tódolos xéneros e especies presentes no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

O catálogo se ordena por orden alfabético de xénero.

Tódolos xéneros están descritos cunha ou varias especies con fotos.

Dende hai anos estanse facendo moitos estudos moleculares de familias e xéneros de liques. Esto supón, habitualmente, a división dun mesmo xénero en varios. Para facilitar o manexo desta guía, decidimos conservar os nomes orixinais dos xéneros (actualmente sinonimias) indicándolos como “*sensu lato*” e sinalando cun asterisco nas táboas de especies, aquelas que cambiaron de xénero. Pódense consultar os nomes actuais no apartado “Táboa de sinonimias”, na páxina 161.

Para a nomenclatura seguimos a Nimis & Martellos (2016) ou [www.indexfungorum.org](http://www.indexfungorum.org) no caso de non ter o primeiro esa especie ou xénero.

En cada xénero hai os seguintes apartados:

- 1.- Descripción resaltando, en cursiva, os caracteres mais importantes que o diferencian.

- 2.- Pode seguir un apartado de diferencias con xéneros próximos.
- 3.- Ecoloxía do xénero en xeral.
- 4.- Táboa das especies presentes no Parque, onde se resaltan a súa distribución nas Illas. Cl: Cíes; O: Ons; S: Sálvora; CO: Cortegada.
- 5.- Debaixo da táboa, poden aparecer comentarios acerca da abundancia dos taxones en Galicia, as veces en España ou incluso Europa (GBIF.org; 2022).
- 6.- Descripción da especie, destacando, en cursiva, os caracteres mais importantes.
- 7.- En caso necesario, engádese un apartado de diferencias con especies próximas.
- 8.- Ecoloxía do taxon no Parque Nacional.

A maioría dos líques conteñen 8 esporas por asca e alga verde (a excepción de *Trentepohlia*), por eso, nas descripcións, se obviarán estes datos para que o texto non sexa moi repetitivo.

Unha "x" seguida dun número, por exemplo, x12, quere dicir "doce esporas por asca".

Nas reaccións químicas:

- "a"=amarelo
- "l"=laranxa
- "li"=lila
- "m"=marrón
- "p"=púrpura
- "r"=rosa
- "v"=vermello
- "vi"=violeta.

### ACAROSPORA A. Massal

Talo escumuloso, de escuámulas dispersas ou continuas, de cor castaña pálida a escura. Apotecios lecanorinos, afundidos no talo, a modo de puntos, de cor castaña avermellada a anegrezada. Esporas  $\geq 100$ , simples, incoloras, subglobosas e elipsoidais.

Para diferenciar especies son necesarios caracteres microscópicos.

Solen ser especies saxícolas, mais raramente epífitas ou sobre solos compactos.

	Cl	O	S	CO
<i>Acarospora fuscata</i> (Schard.) Arnold	■	■	■	
<i>Acarospora privigna</i> (Ach.) A. Schneid.	■		■	■

#### *Acarospora fuscata* (Schard.) Arnold

Escuámulas arredondadas, castaña claras a escuras, continuas, K+(a-v). Apotecios 1-2 por aréola. Esporas  $>200$  por asca.

Sobre rochas da parte mais alta do supralitoral, en situacións expostas.



**ACROCORDIA A. Massal.**

Talo crustáceo, delgado ou afundido no substrato. Alga *Trentepohlia*. Peritecios negros, inmersos a sésiles. Esporas nunha fila na asca, 1(-3) tabiques, incoloras, de extremos arredondados.

**Anisomeridium** e **Porina** teñen as ascas bi- ou triseriadas respectivamente.

Saxícola ou epífita.


	Cl	O	S	CO
<i>Acrocordia macrospora</i> A. Massal.	■		■	

Esta especie é moi rara en España e Galicia.

**Acrocordia macrospora** A. Massal.

A descripción coincide ca do xénero.

Saxícola da zona mais interior das illas.



**AMANDINEA M.Choisy ex Scheid. & H. Mayrh.**

Talo crustáceo, dende continuo a areolado, variable en cor. Apotecios lecideinos, afundidos ou sésiles, negros. Esporas cun tabique, castañas, ca parede finamente ornamentada. Picnidios presentes.

**Buellia**, **Diploicia**, **Diplotomma** e **Hafellia**, forman un grupo moi homoxéneo, todos con talos crustáceos, apotecios lecideinos negros. De **Buellia** sepárase pola ausencia de picnidios; **Diploicia** ten o talo abrancazado con lóbulos; **Diplotomma** ten as esporas con 3 tabiques e **Hafellia** os ápices das mesmas mais finos e delgados e o himenio cheo de gotas de lípidos.

Sobre rochas e árbores de codia rica en nutrientes. Estas especies son de zonas costeiras, na parte mais alta do supralitoral .


	Cl	O	S	CO
<i>Amandinea coniops</i> (Wahlenb.) M. Choisy ex Scheid. & H. Mayrhofer	■			
<i>Amandinea pelidna</i> (Ach.) Fryday & Arcadia			■	
<i>Amandinea punctata</i> (Hoffm.) Coppins & Scheid.	■	■	■	

Amandinea pelidna é moi rara en España e Galicia.

***Amandinea punctata* (Hoffm.) Coppins & Scheid.**

Talo blanquecino a gris verdoso. Esporas 12-15(-20)x0,5-1µm. Reacciones negativas.

Sobre rochas da parte mais alta do supralitoral, en situacíons expostas.



**ANAPTYCHIA Körb.**

Talo foliáceo ou fruticuloso, con ou sen cilios. Apotecios lecanorinos, pardo negruzcos, planos. Esporas cun tabique, marróns, coa superficie ornamentada.

**Physconia** ten moita pruína nos lóbulos.

Se desenvolve sobre cortiza e rochas.

	Cl	O	S	CO
Anaptychia runcinata (With.) JR Laundon	■	■	■	■

**Anaptychia runcinata** (With.) JR Laundon

Talo foliáceo, de cor castaño escuro cando seco e verdoso cando húmido, en roseta, con lóbulos moi estreitos solapados cara ao centro, aplicados ao substrato, as veces lixeiramente pruinosos. Sen cilios.

Forma parte da vexetación saxícola costeira, nas rochas mais altas do supralitoral, en situacións expostas e protexidas.



*ANISOMERIDIUM* (Müll. Arg.) M. Choisy

Talo crustáceo, immerso no substrato. Alga *Trentepohlia*. Peritecios marrón negruzcos na parte superior, e incoloros na inferior, globosos. Esporas incoloras, 1-3 tabiques, de ovoides a fusiformes, con asca biseriada. Sobre cortizas.

**Acrocordia** ten as ascas uniseriadas e **Porina** triseriadas.


Epífita.

	Cl	O	S	CO
<i>Anisomeridium biforme</i> (Schaer.) RC Harris	■			

***Anisomeridium biforme* (Schaer.) RC Harris**

Peritecios hemisféricos a globosos, un cuarto afundidos no talo e moi abundantes. Esporas cun tabique.

Sobre árbores.



**ASPICILIA s. lat.**

Talo crustáceo, fendo a fendo aerolado, de cor branca, gris, verdella ou acastañada. Apotecios lecanorinos, afundidos no talo, anegrazados, as veces con pruina. Esporas x4-8, simples, incoloras, elipsoidais ou globosas. Picnidios negros, cujas esporas son moi importantes para determinar algunas especies.

Sobre rochas acedas e calcáreas.


	Cl	O	S	CO
<i>Aspicilia caesiocinerea</i> (Malbr.) Arnold *	■	■	■	
<i>Aspicilia cinerea</i> (L.) Körb.	■			■
<i>Aspicilia laevata</i> (Ach.) Arnold		■	■	

*Aspicilia laevata* é pouco coñecida en España e en Galicia so no Parque.

***Aspicilia caesiocinerea* (Malbr.) Arnold**

Talo gris escuro a acastañado. Apotecios ao principio afundidos despois sésiles. Esporas 12-35x8-15 µm. A miúdo con apotecios, pero sen esporas.

Nas rochas do supralitoral, na parte mais alonxada do mar, en hábitats expostos.



*BACIDIA s. lat.*

Talo crustáceo, liso, areolado ou granuloso, de tons claros. Apotecios lecideíños, pronto convexos, de cores variadas. Esporas 3 ou mais tabiques, incoloras, fusiformes, bacilares ou en agulla.

Grupo de xéneros difíciles de diferenciar. Só por carateres microscópicos.

Ecoloxía variable.

	Cl	O	S	CO
<i>Bacidia laurocerasi</i> (Duby) Zahlbr.	■			
<i>Bacidia phacodes</i> Körb. *	■			

*Bacidia laurocerasi* (Duby) Zahlbr.

Talo liso a verrucoso, de ton branco a verde pálido. Apotecios dende abrancazados (en zonas sombrizas) a avermellados ou violetas negruzcos. Epitecio vermello a pardo violáceo K+(li), N+(v). Esporas 7-16 tabiques, aciculares, 40-70x3-4 µm.

En cortizas de diversas árbores.



*BACTROSPORA A. Massal.*

Talo crustáceo, inmerso a superficial, delgado, rimoso ou liso. Alga *Trentepohlia*. Apotecios lecideíños, negros. Esporas multiseptadas, incoloras, aciculares. A asca parece multiesporada porque as células das esporas sepáranse.

**Lecanactis:** as ascas non parecen multiesporadas.

A maioría das especies son epífitas, áinda que algunha é saxícola, pero sempre en situacíons protexidas.

	Cl	O	S	CO
<i>Bactrospora carneopallida</i> Egea & Torrente	■			

Especie moi interesante en canto a distribución, xa que só coñécese nas Illas Cíes e Canarias en toda Europa. Considerada "especie en perigo de extinción" segundo o Catálogo galego de especies amenazadas.

***Bactrospora carneopallida* Egea & Torrente**

Talo branco-crema, coa superficie lixeiramente desigual. Esporas 5-8(-15) tabiques.

Saxícola do supralitoral superior, en zonas protexidas.



*BAEOMYCES Pers.*

Liques compostos, cun talo primario crustáceo, granular a escuamuloso, con podecios curtos que portan apotecios rosados ou castaños, con aspecto de pequenas setas. Esporas simples a tres tabiques, incoloras, fusiformes a elipsoidais.

*Cladonia* ten podecios de formas moi variadas, pero nunca coma setas.

Crecen en balados mais ou menos sombrizos.

	Cl	O	S	CO
<i>Baeomyces rufus</i> (Huds.) Rebent.				■

***Baeomyces rufus* (Huds.) Rebent.**

Talo K<sup>+</sup>(a), KC<sup>+</sup>(a), P<sup>+</sup>(a-l).

En balados umbríos.



***BUELLIA* De Not.**

Talo crustáceo, moi variable en superficie e cores. Apotecios lecideíños, negros. Esporas cun tabique, marróns.

**Amandinea** presenta picnidios; **Diploicia** ten o talo en rosetas; **Diplotomma** posúe esporas de tres tabiques a muriformes; **Hafellia** ten esporas cos ápices mais finos e delgados e o himenio cheo de gotas de lípidos; **Rhizocarpon** ten os apotecios entre as aréolas do talo e **Rinodina** ten apotecios lecanorinos.

Sobre un amplio rango de substratos.


	Cl	O	S	CO
<i>Buellia disciformis</i> (Fr.) Mudd	■			
<i>Buellia leptoclinoides</i> (Nyl.) J. Steiner		■	■	
<i>Buellia saxorum</i> A. Massal.	■		■	
<i>Buellia sequax</i> (Nyl.) Zahlbr.		■		
<i>Buellia stellulata</i> (Taylor) Mudd	■	■	■	
<i>Buellia subdisciformis</i> (Leight.) Jatta	■		■	
<i>Buellia tesserata</i> Körb.		■		

*Buellia saxorum*, *B. sequax* e *B. tesserata* son moi raras en Galicia. *Buellia saxorum* e *B. sequax* son primeiras citas para Pontevedra e *B. tesserata* para Galicia.

***Buellia disciformis* (Nyl.) J. Steiner**

Talo grisáceo ou gris, liso ou granuloso e rodeado por unha liña hipotalina negra, K+(a). Esporas 14-25x6-9,5 µm, lixeiramente curvadas e cos ápices mais claros.

A única especie epífita do Parque, encontrada sobre piñeiro.



***Buellia leptoclinoides* Körb.**

Talo abrancazado grisáceo, areolado ou granuloso areolado, K+(a-v), KC+(a). Apotecios planos a convexos. Himenio con numerosas gotas de lípidos. Esporas 14-23x6-11 µm.


Saxícola do supralitoral superior e da zona terrestre. En zonas protexidas ou expostas.



***Buellia stellulata* (Taylor) Mudd**

Talo gris branqueciño, areolado, deixando ver entre as aréolas un hipotalo negro, K+(a). Esporas algo constrinxidas a nivel do septo, 11-15x7-10 µm.

É a especie mais abondosa no Parque. Crece nas rochas da parte alta do supralitoral, mais raramente na zona terrestre, en situacíons tanto expostas coma protexidas.



**BYSSOLOMA Trevisan**

Talo crustáceo, coa superficie fariñenta, verrugosa ou lixeiramente afundida. Apotecios lecideíños, dende marrón laranxa a negruzcos. Esporas 3 septos, incoloras.

Epífito e sobre follas.


	Cl	O	S	CO
<i>Byssoloma leucoblepharum</i> (Nyl.) Vain.	■			

***Byssoloma leucoblepharum* (Nyl.) Vain.**

Talo fariñento, delgado, con tons verdosos. Apotecios laranxa-marróns a marróns escuros, as veces en grupos e deformados. Esporas 10-18x2,5-4 µm.

Especie epífita abundante sobre *Acacia melanoxylon*.

Moi pouco frecuente en Galicia e primeira cita para Pontevedra.



*CALOPLACA s. lat.*

Talo crustáceo, gris ou en tons amarelos, laranjas ou avermellados, nestes casos K+(p); as veces con lóbulos nas marxes. Con ou sen isidios ou soráis. Apotecios lecanorinos, amarelos, laranjas ata vermellos K+(p). Esporas polariloculares, incoloras, elipsoidais.

Existen dous grandes grupos:

- 1.- Especies de talos grises: *C. cerina*, *C. crenularia*, *C. holocarpa*.
- 2.- Especies de talos amarelos a avermellados: *C. citrina*, *C. flavescens*, *C. littorea*, *C. marina*, *C. thallincola*.

Para determinar as especies son importantes o tamaño das esporas e do tabique.

*Candelariella* da no talo e os apotecios K+(r); *Xanthoria* ten o talo foliáceo.

Sobre rochas da costa ou do interior e epífita.

	Cl	O	S	CO
<i>Caloplaca cerina</i> (Hedw.) Th. Fr.	■			
<i>Caloplaca citrina</i> (Hoffm.) Th. Fr. *	■			
<i>Caloplaca crenularia</i> (with.) JR Laundon*	■	■	■	
<i>Caloplaca flavescens</i> (Huds.) JR Laundon*	■		■	■
<i>Caloplaca holocarpa</i> (Hoffm.) AE Wade*	■			■
<i>Caloplaca littorea</i> Tav.		■	■	
<i>Caloplaca marina</i> (Wedd.) Zahlbr.*	■	■	■	■
<i>Caloplaca thallincola</i> (Wedd.) Du Rietz*	■			■

*Caloplaca flavescens* e *C. thallincola* son moi escasas en Galicia, e ademais, esta última é primeira cita para Pontevedra.

***Caloplaca crenularia* (With.) JR Laudon**

Talo gris cinza a gris escuro, fendido-areolado. Apotecios vermelhos ou vermello ferruxinosos de contorna irregular. Esporas 12-14x6-8 µm, con tabique 5 µm.

É a especie mais abondosa do Parque Nacional, sobre todo nas rochas da zona terrestre, ainda que as veces pode aparecer na parte mais alta do supralitoral, tanto en zonas expostas coma protexidas.

***Caloplaca flavescens* (Huds.) JR Laundon**

Talo laranxa intenso, con lóbulos continuos e palmados no extremo. Parte central fendida-areolada. Apotecios mais escuros co talo e rebordo da mesma cor ca el. Esporas en forma de limón, 11-15x6-12 µm, tabique 2,5-5 µm.

Saxícola da parte alta do supralitoral, tanto en morteiro como en substrato acedo, sempre en situacíons expostas.



***Caloplaca holocarpa* (Hoffm.) AE Wade**

Talo non visible. Apotecios redondos a sinuosos, planos a lixeiramente cóncavos, amarelo alaranxados a laranxas, co rebordo mais claro co disco. Esporas 10-15x5-10 µm, co tabique 3-5 µm.

Crece sobre *Robinia pseudacacia*.



***Caloplaca littorea* Tav.**

Talo continuo a fendido, gris verdoso (en situaciones protexidas) a amarelo alaranxado (en situaciones expostas), cuberto de isidios amarelos e numerosos. A maioría das veces é estéril, pero en ocasións ten apotecios co rebordo cuberto ou non por isidios e co disco laranxa a laranxa escuro. Esporas 11-15x5-7 µm, co tabique 1-4 µm.



Crece nas rochas do supralitoral, en situaciones expostas e protexidas.



62

***Caloplaca marina* (Wedd.) Zahlbr.**

Talo continuo a areolado, laranxa a laranxa avermellado, crecendo en rosetas e con lóbulos na marxe planos e estreitos. Apotecios da mesma cor co talo. Esporas 10-18x5-8 µm, tabique 3-5 µm.

Saxícola do supralitoral inferior, en hábitats expostos.



***Caloplaca thallincola* (Wedd.) Du Rietz**

Talo areolado, con lóbulos estreitos e longos (ata 5 mm), laranxa brillante. Apotecios na área central do talo, planos e despois convexos, co rebordo laranxa e o disco laranxa marrón. Esporas 11-14x8-11 µm e tabique 4-5 µm, romboidais ou en forma de limón.

Crece nas rochas da parte baixa do supralitoral con *C. marina*, en situacíons expostas.



**CANDELARIELLA Müll. Arg.**

Talo crustáceo, granuloso ou indistinto, de tons amarelos ou alaranxados. Apotecios lecanorinos, sésiles, co rebordo amarelo e disco entre amarelo e castaño, K+(r). Esporas x8-32, simples ou cun septo, incoloras, elipsoidais.

**Caloplaca** da reacción K+(p) nos talos amarelos ou laranjas e nos apotecios.


Contén especies tanto de rochas como de árbores, en ambientes eutrofizados ou non. Frecuente en ciudades.

	Cl	O	S	CO
<i>Candelariella vitellina</i> (Hoffm.) Müll. Arg.	■	■	■	

***Candelariella vitellina* (Hoffm.) Müll. Arg.**

Talo crustáceo, formado por gránulos densos reunidos en areolas. Apotecios planos a lixeiramente convexos, sinuosos, co rebordo do mesmo color co talo e o disco de amarelo suicio a pardo.

Sobre rochas da parte alta do supralitoral e da zona terrestre en hábitats expostos.



**CATILLARIA A. Massal.**

Talo crustáceo, delgado, fendido ou continuo, de cores moi variadas. Pequenos apotecios lecideínos, de cores variables. Esporas cun septo, incoloras.

**Lecidea**, **Lecidella** ou **Porpidia** teñen esporas simples e apotecios mais grandes; **Buellia** ou **Amandinea** teñen as esporas marróns e cun tabique.

Vive nun amplio rango de substratos.

	Cl	O	S	CO
<i>Catillaria chalybeia</i> (Borrer) A. Massal.	■	■	■	■

***Catillaria chalybeia* (Borrer) A. Massal.**

Talo delgado ou inconspicuo. Apotecios moi pequenos (ata 0,5 mm) negros, planos e rebordo persistente. Esporas fusiformes 10-14x2-3 µm.

Saxícola, moi abondosa nas illas, dende o supralitoral á zona terrestre, en hábitats protexidos ou expostos.



*CHYSOTHRIX* Mont.

Talo leproso, amarelo limón intenso, mal delimitado. Estéril.

Crece sobre árbores ou rochas acedas sombrizas.

	Cl	O	S	CO
<i>Chrysothrix candelaris</i> (L.) JR Laundon	■			

***Chrysothrix candelaris* (L.) JR Laundon**

Caracterízase polo talo amarelo brillante e difuso.

Crece en troncos de diversos árbores.

***Psiolochia lucida*** ten o talo verde amarelento a amarelo pálido e crece sobre rochas en situacíons protexidas.



### *CLADONIA* P. Browne

Talo composto. O primario moi variado morfoloxicamente, dende pulverulento a foliáceo. O secundario ten podecios dende simples a ramificados, rematados en punta ou funís (escifos), ca superficie dende pulverulenta a cuberta por pequenas escamas. Os apotecios, nos extremos dos mesmos, teñen tons dende rosados, vermellos ou marróns. Esporas simples, incoloras, elipsoidais.

Determinar as especies deste xénero é moi complicado, xa que teñen moita importancia, aparte do caracteres morfolóxicos externos, as reaccións químicas no talo e os acedos liquénicos. É necesario empregalo TLC.

**Baeomyces** ten os podecios en forma de pequenas setas.

Crecen sobre solo, musgo, codia, madeira, ou gretas entre as pedras con algo de terra.

	Cl	O	S	CO
<i>Cladonia cervicornis</i> (Ach.) Flot.	■			
<i>Cladonia coniocraea</i> (Flörke) Spreng.	■			■
<i>Cladonia fimbriata</i> (L.) Fr.	■			
<i>Cladonia foliacea</i> (Huds.) Willd.			■	
<i>Cladonia humilis</i> (With.) JR Laundon	■			
<i>Cladonia parasitica</i> (Hoffm.) Hoffm.	■			
<i>Cladonia pyxidata</i> (L.) Hoffm.	■			■
<i>Cladonia ramulosa</i> (With.) JR Laundon	■			
<i>Cladonia rangiformis</i> Hoffm.	■		■	■
<i>Cladonia squamosa</i> Hoffm.				■
<i>Cladonia subcervicornis</i> (Vain.) Kernst.	■			■

*Cladonia subcervicornis* é pouco frecuente en Galicia e as únicas citas en Pontevedra son no Parque.

***Cladonia fimbriata* (L.) Fr.**

Talo primario formado de escuámulas ergueitas, coas beiras sinuosas, ata 2 mm de altas. Podecios 2,5-5 cm de altos, con escifos totalmente cubertos de soráis moi finos. Talo P+(I).

Sobre *Pinus pinaster* e carrizas.



***Cladonia pyxidata* (L.) Hoffm.**

Escuámulas verde grisáceas escuras pola face e brancas polo envés. Podecios ata 9 mm de alto, con escifos cubertos de gránulos grosos. Talo K+(a ou marrón), P+(I).

Sobre musgo ou directamente sobre rocha, na zona terrestre, en localidades á sombra.



***Cladonia rangiformis* Hoffm.**

Podecios de ata 4 cm de altura, verde grisáceos, con escuámolas esparexidas, coa face verde escura e a beira branca. Talo K± (a), P± (l).

Saxícola da zona alta do supralitoral á zona terrestre, sobre o chan, dunas e noiros.



***CLIOSTOMUM* Fr.**

Talo crustáceo, liso a rímoso-verrucoso, as veces rodeado por unha alínea hipotalina. Apotecios lecideínos, amarelo pálidos a negruzcos. Esporas un tabique, incoloras. Picnidios negros abundantes, K+(p).

Sobre cortiza e mais raro rochas.

	Cl	O	S	CO
<i>Cliostomum corrugatum</i> (Ach.) Fr.	■			

***Cliostomum corrugatum* (Ach.) Fr.**

Talo grosso verrucoso cun brillo grisáceo, K+(a). Apotecios grandes, ata 1mm de diámetro, amarelos a crema pálidos. Esporas rectas a lixeiramente curvadas.

Abondoso sobre acacias, piñeiro e cipreses.

Especie moi pouco frecuente en España e Galicia.



*COENOGONIUM Ehrenb.*

Talo crustáceo, moi delgado, as veces inconspicuo. Alga *Trentepohlia*. Apotecios lecideíños, co disco amarelo abrancazado a vermello alaranxado. Esporas un septo, incoloras, fusiformes a elipsoidais.

**Gyalecta** ten esporas submuráis a muráis.

En hábitats protexidos e húmidos, sobre cortizas.

	Cl	O	S	CO
<i>Coenogonium luteum</i> (Dicks.) Kalb. & Lücking	■			
<i>Coenogonium pineti</i> (Ach.) Lücking & Lumbsch	■			

***Coenogonium pineti* (Ach.) Lücking & Lumbsch**

Talo verde agrisado, liso. Apotecios cóncavos, crema a amarelo claro, co rebordo cor crema, <0,5 mm de diámetro.

Sobre piñeiro e cipreses.



*COLLEMA s. lat.*

Talo xelatinoso, mais ou menos foliáceo, verde oliva escuro a marrón negruzco, quebradizo cando seco e xelatinoso se húmido. Sen córtex superior. Alga Nostoc. Son frecuentes os isidios. Apotecios lecanorinos co disco anegrezado a marrón vermello. Esporas con tabiques transversais ata submurais ou muráis, incoloras.

***Leptogium*** ten córtex superior e tons vermello marróns, azulados ou glaucos, faltándolle o ton verdoso de ***Collema***.

En substratos moi variados, pero húmidos.

	Cl	O	S	CO
<i>Collema crispum</i> (Huds.) FH Wigg.*				■
<i>Collema fasciculare</i> (L.) FH Wigg.*	■			
<i>Collema fragrans</i> (Sm.) Ach.*	■			
<i>Collema furfuraceum</i> (Arnold) Du Rietz	■		■	
<i>Collema subnigrecens</i> Degel.	■		■	
<i>Collema tenax</i> (Sw.) Ach.*	■		■	

*Collema crispum*, *C. subnigrecens* e *C. tenax* son escasos en Galicia. *Collema crispum* e *C. tenax* son primeiras citas para Pontevedra.

**Collema fasciculare (L.) FH Wigg.**

Talo formado de pequenas follas erguidas, moi pulposo cando húmido e ca superficie nodulosa enruggada, verde oliva escuro ata marrón anegreizado, mais pálido cando húmido. Brillante. Forma coxinetes redondeados de ata 2 cm de diámetro. Apotecios ca marxe enruggada. Esporas 9-16 tabiques, 50-95x4,5-5 µm en forma de verme e en espiral, a miúdo atenuados nos extremos.



Sobre eucalipto.

**Collema furfuraceum (Arnold ) Du Rietz**

Talo foliáceo, membranoso, verde oliva escuro a negro, mais pálido cando húmido. Lóbulos erguidos ca superficie sulcada de pregues e cuberto de numerosos isidios cilíndricos. Raramente fructificada.

Presente nas rochas da parte mais alta do supralitoral, en zonas expostas.



**Collema subnigrescens** Degel.

Talo foliáceo, membranoso, fortemente adherido ao substrato, verde oliva escuro a negro. Lóbulos levantados e percorridos por costelas. Cara inferior con depresións que se corresponden con elas. Sen isidios. Apotecios mais ou menos branco pruinosos. Esporas 4-5 septos, aciculares a fusiformes e algo curvadas, 40-75x6-6,5 µm.

Nas rochas do supralitoral superior, en hábitats expostos sometidos a escorrentia.



*DERMATOCARPON Eschw.*

Talo foliáceo ou escuamoso, monofilo ou polifilo, unido ao substrato por un embigo ou varios. Superficie grisácea a marrón, mais ou menos pruinosa. Peritecios afundidos no talo, que parecen puntos negros. Esporas simples ou con 1-3 septos, incoloras, elipsoidais, ovoides a globosas.

Sobre rochas, a miúdo húmidas ou molladas por escorrenta ou cursos de auga.

	Cl	O	S	CO
<i>Dermatocarpon miniatum</i> (L.) W. Mann	■		■	■

*Dermatocarpon miniatum* (L.) W. Mann

Talo foliáceo gris, mais ou menos pruinoso, liso. Formado por unha única "folla", con moitos lóbulos secundarios, unido ao substrato por un so embigo. Cara inferior marrón pálida.

Saxícola de localidades expostas do supralitoral xérico, en hábitats húmidos.



**DIPLOICIA A. Massal.**

Talo crustáceo, gris abrancazado, con lóbulos nos bordes formando rosetas. Apotecios lecideíños, marróns ou marróns negruzcos. Esporas un tabique, marróns, elipsoidais.

Sobre rochas.

	Cl	O	S	CO
<i>Diploicia canescens</i> (Dicks.) A. Massal.		■	■	
<i>Diploicia subcanescens</i> (Werner) Hafellner & Poelt	■	■		

*Diploicia subcanescens* é moi escasa en Galicia e primeira cita para Pontevedra.

***Diploicia canescens* (Dicks.) A. Massal.**

Talo gris verdoso, formando rosetas moi características con lóbulos con pruina branca. Soráis abrancazados a azulados no centro.

As dúas especies forman parte da comunidade sombriza do supralitoral xérico.



**DIPLOSCHISTES Norman**

Talo crustáceo, en tons grisáceos. Apotecios lecideinos, negros, as veces co disco pruinoso, moi cóncavos, mais ou menos afundidos no talo. Esporas x4-8, submurais ou murais, marróns.


**Aspicilia** ten as esporas simples e **Pertusaria** ten os apotecios en verrugas do talo.

Sobre rochas, solos, carrizas e outros liques.

	Cl	O	S	CO
<i>Diploschistes caesioplumbeus</i> (Nyl.) Vain.			■	

**Diploschistes caesioplumbeus** (Nyl.) Vain.  
Talo C<sup>+</sup>(v).

Sobre rochas do supralitoral.



*DIPLOTOMMA* Flot.

Talo crustáceo, gris claro a escuro. Apotecios lecideíños, negros, con rebordo talino que despois desaparece, afundidos no talo ao principio, despois sobresaíntes. Esporas uniseptadas a submuriformes, chegando a marróns.

**Amandinea** presenta picnidios; **Buellia** esporas cun tabique; **Diploicia** ten o talo en rosetas; **Hafellia** posúe esporas cos ápices mais finos e delgados e o himenio cheo de gotas de lípidos; **Rhizocarpon** presenta apotecios entre as aréolas do talo e **Rinodina** ten apotecios lecanorinos.

Sobre codias básicas enriquecidas en nutrientes, rochas calcáraas, acedas e morteiro. Tamén sobre outros liques.

	Cl	O	S	CO
<i>Diplotomma alboatrum</i> (Hoffm.) Flot.			■	

*Diplotomma alboatrum* (Hoffm.) Flot.

Apotecios pruinosos. Esporas con 3 septos a submuriformes.

Rochas acedas do interior.



*DIRINA* Fr.

Talo crustáceo, abrançazado, pruinoso C+(r). As veces con soráis. Alga *Trentepohlia*. Apotecios lecanorinos. Esporas 3 septos, incoloras, fusiformes ou curvadas.

**Paralecanographa grumulosa** ten lirelas e o talo ca superficie moi verrugosa e **Sclerophyton circumscriptum** da C-, P+(l) no talo.

Saxícola de ambientes protexidos.

	Cl	O	S	CO
<i>Dirina massiliensis</i> Durieu & Mont.			■	
<i>Dirina massiliensis</i> Durieu & Mont. f. <i>sorediata</i> (Müll. Arg.) Tehler			■	

**Dirina massiliensis** Durieu & Mont. f. ***sorediata*** (Müll. Arg.) Tehler  
Talo abrançazado coa beira negra, cuberto de soráis da mesma cor dispersos ou confluentes.

Encóntrase sempre con especies de zonas sombrizas, formando parte destas comunidades, nas rochas do supralitoral superior.



**EVERNIA Ach.**

Talo fruticuloso, ramificado, de ramas planas, verdosas por unha cara e de ton branco pola outra.

**Ramalina** ten as ramiñas planas pero as dúas caras de cor verdosa e **Usnea** ten as ramiñas de sección circular.

Epífita.

	Cl	O	S	CO
<i>Evernia prunastri</i> (L.) Ach.	■			

**Evernia prunastri** (L.) Ach.

A descripción coincide coa do xénero.

En ramas de froiteiras.



***FLAVOPARMELIA* Hale**

Talo foliáceo de tons amarelo verdellos ou verdellos, con lóbulos redondeados e amplos, cas marxes sen cílios, córtex superior con poros e plecténquima en empalizada. Córtex inferior negro, con rizinas negras ou mais pálidas cara os bordes, cas marxes marróns, sen rizinas.

Son importantes as reccións químicas para determinar as especies.

O xénero *Parmelia* foi dividido en *Flavoparmelia*, *Hypotrachyna*, *Melanelia*, *Parmelia*, *Parmelina*, *Parmotrema* e *Xanthoparmelia*. Ver características e diferencias en cada un deles.

De cortizas e rochas.

	Cl	O	S	CO
<i>Flavoparmelia caperata</i> (L.) Hale	■	■	■	■

***Flavoparmelia caperata* (L.) Hale**

Talo verde amarelento, rugoso cara o centro. Medula KC+(v), P+(l). Soráis puntiformes ata confluentes, da mesma cor ca superficie ou mais claros.

Unha das especies de *Flavoparmelia* mais abundantes do Parque Nacional. En moitos tipos de árbores e sobre rochas, dende a parte alta do supralitoral ata a zona terrestre e en dunas. Tanto en hábitats expostos coma protexidos.



***FUSCIDEA* v. *Wirth & Vězda***

Talo crustáceo, fendido a fendido-areolado. Apotecios lecideíños co disco avermellado ou negro-marrón. Esporas simples a septadas, incoloras, volvéndose escuras cando vellas.


Sobre rochas e cortizas acedas.

	Cl	O	S	CO
<i>Fuscidea lightfootii</i> (Sm.) Coppins & P. James	■			

***Fuscidea lightfootii* (Sm.) Coppins & P. James**

Talo veroso, finamente verrucoso-granuloso, as veces con soráis verde amarelentos. Apotecios gris acastañados a castaño escuros, co rebordo mais claro e sinuoso.

Encontrado en diversas árbores.



*GRAPHIS* Adams.

Talo crustáceo de ton branco, as veces inmerso. Alga *Trentepohlia*. Lirelas negras, simples, ramificadas ou estreladas. Esporas varios septos transversais, incoloras, ca parede engrosada.

**Opegrapha** non ten a parede engrosada nas súas esporas; **Paralecanographa** ten as lirelas afundidas no talo e cubertas con pruína é o talo da C+(r); **Phaeographis** ten esporas castañas.

Sobre cortiza.

	Cl	O	S	CO
<i>Graphis elegans</i> (Sm.) Ach.	■			

***Graphis elegans* (Sm.) Ach.**

Talo abrancazado ou agrisado, delgado, liso ou verrugoso, K+/(a-v). Lirelas ramificadas ou non, con sucos lonxitudinais paralelos.

Sobre carballo americano.

Forma parte da Lista Vermella.



*GYALECTA* Ach.

Talo crustáceo, delgado, as veces inconspicuo. Alga *Trentepohlia*. Apotecios lecideinos, cóncavos, laranxa ou marrón, translúcidos cando húmidos e rebordo moi crenulado. Esporas 3 septos a submuriformes, incoloras, elipsoidais.

***Coenogonium*** ten esporas cun septo.

Sobre solo, carizas, cortiza e rochas.

	Cl	O	S	CO
<i>Gyalecta flotowii</i> Körb.	■			
<i>Gyalecta jenensis</i> (Batsch) Zahlbr.	■		■	■

*Gyalecta flotowii* primeira cita para Galicia.

***Gyalecta jenensis* (Batsch) Zahlbr.**

Talo inconspicuo. Apotecios cóncavos co disco laranxa e rebordo mais claro. Esporas muráis.

En rochas do supralitoral en situacions protexidas.



**HETERODERMIA s. lat.**

Talo foliáceo, abrançazado ou grisáceo, de lóbulos estreitos e adheridos ao substrato por rizinas marxináis, K+(a). Poden ter isidios ou soráis. Apotecios lecanorinos, marrón-anegrezados. Esporas un septo, marróns, de paredes moi grosas. A miúdo estéril.

**Anaptychia** non ten as esporas de paredes grosas, nin o talo K+(a).

Epífito, saxícola, sobre carrizas e solos.

	Cl	O	S	CO
<i>Heterodermia leucomelos</i> (L.) Poelt*	■			
<i>Heterodermia obscurata</i> (Nyl.) Trevis.	■			
<i>Heterodermia speciosa</i> (Wulfen) Trevis.			■	

*Heterodermia speciosa* citada por primeira vez en Galicia.

***Heterodermia leucomelos* (L.) Poelt**

Talo con cilios marxinais largos e escuros.

En rochas do interior.



***HYPOGYMNIA* (Nyl.) Nyl.**

Talo foliáceo gris cun ton azulado, con lóbulos ocos. Cara inferior negra e sen rizinas. Solen presentar soráis.

***Parmelia*** s. lat. ten os lóbulos planos.


Tódalas especies son corticícolas.

	Cl	O	S	CO
<i>Hypogymnia physodes</i> (L.) Nyl.	■			■

***Hypogymnia physodes* (L.) Nyl.**

Soráis labriformes nos extremos dos lóbulos que se curvan cara arriba. Talo K+ e KC+ (a-v). Medula P+ (I).

Crece sobre todo tipo de árbores.



**HYPOTRACHYNA (Vain.) Hale**

Talos foliáceos de lóbulos sublineares, truncados e axilas dos lóbulos sinuosos. Tons blanco gris ou gris verdello ou amarelo verdello. Sen pseudocifelas. Córtez superior en empalizada, con poros. Cara inferior negra, as veces mais pálida cara ao borde, ata onde poden chegar rizinas ramificadas dicotómicamente.

Son importantes as reccións químicas para determinar as especies.

O xénero *Parmelia* foi dividido en *Flavoparmelia*, *Hypotrachyna*, *Melanelia*, *Parmelia*, *Parmelina*, *Parmotrema* e *Xanthoparmelia*. Ver características e diferencias en cada un deles.

Sobre cortiza e tamén saxícola.


	Cl	O	S	CO
<i>Hypotrachyna britannica</i> (D. Hawksw. & P. James) Coppins				■
<i>Hypotrachyna horrescens</i> (Taylor) Krog & Swinscow	■			
<i>Hypotrachyna revoluta</i> (Flörke) Hale				■

*Hypotrachyna britannica* é moi escasa en España.

***Hypotrachyna revoluta* (Flörke) Hale**

Talo gris claro cos lóbulos voltos cara abaixo. Soráis. Medula C+(v).

Nas rochas do supralitoral xérico á zona interior e tamén en árbores.



CC-BY Jason Hollinger <https://www.flickr.com/photos/7147684@N03/12422690354/>

***JAPEWIELLA* Printzen**

Talo crustáceo, de color gris a marrón verdoso, verrucoso agrietado ou areolado. Apotecios lecideíños, sésiles, negros ou marróns, cun excípulo ben desenrolado, a miudo con pruina abrancazada ou azulada.

Epífitos.

	Cl	O	S	CO
<i>Japewiella tavaresiana</i> (H. Magn.) Printzen	■			

***Japewiella tavaresiana* (H. Magn.) Printze**

A descripción coincide ca do xénero.

En cortizas de árbores caducifóleos.



**LECANIA A. Massal.**

Talo crustáceo gris-abrançazado, branco amarelento a marrón anegreizado. Apotecios lecanorinos, disco castaño mais ou menos escuro, que perden o rebordo. Esporas (0-)1-3(-7) septos, incoloras, oval ou elipsoidal alargadas, a veces con epispora grossa.

**Bacidia** ten 3 ou mais tabiques; **Lecanora** ten esporas simples.

Sobre cortiza e rochas de costa ou do interior.

	Cl	O	S	CO
<i>Lecania aipospila</i> (Wahlenb.) Th. Fr.			■	
<i>Lecania atrynoides</i> M. Knowles	■	■	■	
<i>Lecania hutchinsiae</i> (Nyl.) Al Sm.	■		■	

*Lecania aipospila* é moi rara en España e primeira cita para A Coruña. *L. atrynoides* é pouco frecuente en España e primeira cita para Pontevedra.

***Lecania atrynoides* M. Knowles**

Talo fendido-arelado, branco crema. Apotecios marrón verdellos a negros, co rebordo persistente. Esporas (0)1 tabiques, 10-14X4,5-6 µm.

Nas rochas do supralitoral xérico en situacións expostas.



*LECANORA* s. lat.

Talo crustáceo, moi variable en forma, superficie e cor. Con ou sin soráis ou isidios. Apotecios lecanorinos, a maioría das veces con rebordo persistente e disco moi variado en cor. Esporas simples, incoloras, elipsoidais.

*Aspicilia* se diferencia polos apotecios afundidos no talo; *Protoparmelia* polas esporas mais estreitas e a cor marrón escura do talo; *Tephromela* pola cor púrpura do himenio.

É un xénero con moitas especies tanto saxícolas como epífitas.

	Cl	O	S	CO
<i>Lecanora actophila</i> Wedd.*				■
<i>Lecanora albella</i> (Pers.) Ach.	■			
<i>Lecanora albescens</i> (Hoffm.) Branth & Rostrup*			■	
<i>Lecanora campestris</i> (Schaer.) Hue	■	■	■	■
<i>Lecanora chlarotera</i> Nyl.	■			
<i>Lecanora dispersa</i> (Pers.) Sommerf.*	■		■	■
<i>Lecanora expallens</i> Ach.	■			
<i>Lecanora gangaleoides</i> Nyl.	■	■	■	■
<i>Lecanora helicopis</i> (Wahlenb.) Ach.			■	■
<i>Lecanora muralis</i> (Scherb.) Rabenh.*	■			
<i>Lecanora pulicaris</i> (Pers.) Ach.	■			
<i>Lecanora rupicola</i> (L.) Zahlbr.		■	■	
<i>Lecanora strobilina</i> (Spreng.) Kieff.	■			
<i>Lecanora sulphurea</i> (Hoffm.) Ach.		■	■	■
<i>Lecanora symmicta</i> (Ach.) Ach.	■			

*Lecanora helicopis* é primera cita para Pontevedra e A Coruña e *L. rupicola* para Pontevedra.

**Lecanora campestris** (Schaer.) Hue

Talo continuo, grosso, fendido ou verrugoso, branco a branco-crema, K+(a). Apotecios abondosos, castaño a castaño-negros, confluentes e que ocupam case todo o talo.

**Tephromela atra** e **L. gangaleoides** dan K+(a) en talo, pero ambas teñen os apotecios negros e a primeira, ademais, ten o himenio púrpura.



Saxícola, no supralitoral xérico, en hábitats expostos e protexidos.

**Lecanora chlorotera** Nyl.

Talo liso a verrucoso, gris as veces un pouco verdello, K+(a). Apotecios castaño claros, co rebordo persistente.


Especie epífita sobre *Quercus pyrenaica*, *Eucaliptus* spp., *Populus* sp.



***Lecanora expallens* Ach.**

Talo variábel, de lixeiramente fendido a granular, verde amarelento, K+(a), C+(l). Soráis de cor amarela a verdella, as veces, enteramente sorediado. Frecuente estéril.

Sobre diversas especies arbóreas.

***Lecanora gangaleoides* Nyl.**

Talo verrugoso, gris, K+(a). Apotecios con rebordo grosso e permanente, negro.

***Lecanora campestris*** ten os apotecios acastañados e ***Tephromela atra*** negros co himenio púrpura.

Nas rochas do supralitoral superior e na zona terreste, sempre en situacións expostas.



**LECIDEA Ach.**

Talo crustáceo, superficial ou inmerso, mais ou menos continuo. Apotecios lecideíños, habitualmente anegrezados. Esporas simples, incoloras.

Crece como saxícola e epífita.


	Cl	O	S	CO
<i>Lecidea erythrophaea</i> Sommerf.	■			
<i>Lecidea grisella</i> Flörke	■			■

*Lecidea erythrophaea* atopouse por primeira vez en Pontevedra.

***Lecidea grisella* Flörke**

Talo fendido-areolado, agrisado, C+(v). Apotecios primeiro afundidos despois sésiles, pruinosos ou non, negros. Esporas 10-11,5 x 5-7 µm.

Nas rochas da zona terrestre, en situacíons expostas.



*LECIDELLA* Körb.

Talo crustáceo, inmerso a superficial, continuo a verrucoso arelado, moi variábel en cor. Apotecios lediceños co disco negro, as veces cun ton verdello. Esporas simples, incoloras elipsoidais.

*Lecidea* se diferencia só por caracteres microscópicos como os extremos das paráfisis, a estructura da asca, ademais dos acedos liquénicos.

Tanto sobre cortizas como sobre rochas.


	Cl	O	S	CO
<i>Lecidella asema</i> (Nyl.) Knop & Hertel			■	
<i>Lecidella elaeochroma</i> (Ach.) M. Choisy	■			
<i>Lecidella scabra</i> (Taylor) Hertel & Leuckert	■			
<i>Lecidella viridans</i> (Flot.) Körb.	■			

*Lecidella viridans* é primeira cita para Pontevedra.

*Lecidella scabra* (Taylor) Hertel & Leuckert

Talo gris verdoso, con soráis verdosos a blanco amarelentos, granulosos confluíntes. Talo K+(a), C+(a-l), KC+(l), P±(a).

En rochas do interior.



**LEPRARIA Ach.**

Talo leprarioide, mal delimitado, estéril, de cor dende abrancazada, gris escura a verdella. Reaccións químicas moi variadas.

**Leprocaulon** ten pseudopodocios erguidos e **Leproloma** ten o talo en roseta.

Frecuentes en hábitats sombrizos, en diferentes substratos.


	Cl	O	S	CO
<i>Lepraria alpina</i> (B. de Lesd.) Tretiach & Baruffo	■			
<i>Lepraria elobata</i> Tønsberg	■			
<i>Lepraria lobificans</i> Nyl.	■			■
<i>Lepraria nivalis</i> JR Laundon	■			

*Lepraria alpina* primeira cita para España. *L. elobata* só citada dúas veces en Galicia e primeira cita para Pontevedra. É escasa en España. *L. lobificans* é coñecida por primeira vez na provincia de Pontevedra.

***Lepraria alpina* (B. de Lesd.) Tretiach & Baruffo**

Talo leprarioide, ben delimitado en rosetas, con lóbulos ben desenrolados.

Sobre rochas protexidas.



***Lepraria lobificans* Nyl.**

Talo gris verdello a gris abrancazado, K+(a), P+(l).

Nas rochas do supralitoral xérico á zona terrestre, en situacíons protexidas.  
Tamén en diversas árbores.



*LEPROCAULON* Ny1.

Talo leprarioide, gris verdoso, do que saen ramiñas ou pseudopodecios pulverulentos (2 mm de altos).

**Leparia** carece de pseudopodecios; **Leproloma** ten o talo en roseta.


Sobre rochas en lugares protexidos.

	Cl	O	S	CO
<i>Leprocaulon quisquiliare</i> (Leers.) M. Choisy	■			

**Leprocaulon quisquiliare** (Leers.) M. Choisy

Esta especie é a característica do xénero.

Sobre as rochas do supralitoral superior, en situacíons protexidas.



*LEPTOGIUM s. lat.*

Talo xelatinoso, dende crustáceo a foliáceo, de tons vermello-marróns, azulados ou glaucos. Con córtex superior. Alga Nostoc. Posúe frecuentemente isidios. Apotecios lecanorinos, co rebordo pronto excluído. Esporas x(4-)8, submuráis ou muráis, incoloras, elipsoidáis.

**Collema** non ten córtex superior e ten tons verde escuros a anegrazados.

Crecen sobre rochas ou codia, pero sempre en zonas húmidas.

	Cl	O	S	CO
<i>Leptogium cyanescens</i> (Ach.) Körb.				■
<i>Leptogium gelatinosum</i> (With.) JR Laundon*			■	
<i>Leptogium lichenoides</i> (L.) Zahlbr.*	■			
<i>Leptogium microphyloides</i> Nyl.	■			

*Leptogium lichenoides* citada por primeira vez en Pontevedra.

***Leptogium lichenoides* (L.) Zahlbr.**

Talo foliáceo, marrón escuro, con lóbulos erectos e marxe recortada por extensíons a modo de isidios coraloides. Estéril.

Nas rochas do supralitoral xérico en hábitats expostos e directamente na area das dunas.



***Leptogium microphyloides* Nyl.**

Talo foliáceo, de moi pequeno tamaño, ata 3 cm, gris azulado a gris acastañado. Lóbulos mais ou menos erguidos, coa superficie cuberta de isidios granulosos ou papiliformes, mais escuros co talo.

Moi abondoso sobre todo tipo de árbores.



**LICHINA C. Agardh**

Talo fruticuloso, formado por pequenas ramiñas ramificadas, de cor marrón escuro ou negro. Alga *Calothrix*.


As especies deste xénero, son facilmente localizables, porque forman manchas escuras nas rochas do infralitoral.

	Cl	O	S	CO
<i>Lichina confinis</i> (OF Müller) C. Agardh			■	■
<i>Lichina pygmaea</i> (Lightf.) C. Agardh	■	■		

***Lichina confinis* (OF Müller) C. Agardh**

Ramiñas circulares, ata 0,5 cm de altura como máximo.

Típica da zona litoral, da comunidade de *Verrucarietum maura*, pode ascender ata o supralitoral en zonas moi batidas polo mar.



***Lichina pygmaea* (Lightf.) C. Agardh**

Diferénciase da especie anterior por ser de maior porte (ata 1 cm de alto), con ramiñas planas.

Crece nas rochas do litoral, mais abaixo que a especie anterior, en hábitats expostos.



**MELANELIXIA** O. Blanco, A. Crespo, Divakar, Essl., D. Hawksw.  
**& Lumbsch**

Talo foliáceo de lóbulos redondeados, de cor verde oliva a marrón escuro. Sen pseudocifelas. Córtez superior paraplectenquimatoso, con poros. Cara inferior marrón escura ou negra, con rizinas simples, as veces cos extremos brancos.

Son importantes as reccións químicas para determinar as especies.

O xénero *Parmelia* foi dividido en *Flavoparmelia*, *Hypotrachyna*, *Melanelixia*, *Parmelia*, *Parmelina*, *Parmotrema* e *Xanthoparmelia*. Ver características e diferencias en cada un deles

Sobre cortiza e tamén saxícola.

	Cl	O	S	CO
<i>Melanelixia fuliginosa</i> (Duby) O. Blanco, A. Crespo, Divakar, Essl., D. Hawksw. & Lumbsch	■			
<i>Melanelixia subaurifera</i> (Nyl.) O. Blanco, A. Crespo, Divakar, Essl., D. Hawksw. & Lumbsch	■			

***Melanelixia fuliginosa*** (Duby) O. Blanco, A. Crespo, Divakar, Essl., D. Hawksw. & Lumbsch

Talo marrón a verde escuro, casi negro, con isidios moi densos no centro.  
Medula C+(v) e KC+(v).

Sobre rochas do supralitoral ao interior.



PL Nimis, de <http://dryades.units.it/italic>, CC BY-SA 4.0

*MICAREA Fr.*

Talo crustáceo moi variable en forma e cor. Apotecios sen rebordo talino nen propio, moi convexos, entre abrancazados ata anegrezados. Esporas simples a tabicadas, incoloras, de elipsoidáis a aciculares.

Crece nun amplio rango de substratos acedos.

	Cl	O	S	CO
<i>Micarea prasina</i> Fr.	■			

***Micarea prasina* Fr.**

Talo granuloso, gris-verde pálido a escuro ata marrón claro ou escuro, algo xelatinoso cando se humedece. Apotecios moi convexos, dende abrancazados a anegrazados. Esporas simples ou cun tabique, de extremos arredondados, 10-12x4-5 µm.

Sobre eucaliptos.



*NEPHROMA Ach.*

Talo foliáceo, con lóbulos erguidos nos extremos e córtex superior e inferior. Córtez inferior liso ou tomentoso, sen veas nem rizinas. Alga Nostoc. Apotecios lecanorinos, na cara inferior dos lóbulos, de tons marrón vermellos. Esporas 3 tabiques, castaño claras.

*Peltigera* non ten córtex inferior e posúe venas e rizinas.

Sobre cortiza, mais raramente rochas.

	Cl	O	S	CO
<i>Nephroma tangeriense</i> (Maheu & A. Gillet) Zahlbr.	■			

***Nephroma tangeriense* (Maheu & A. Gillet) Zahlbr.**

Talo formando rosetas de cor marrón grisáceo pálido a marrón negruzco. Medula K+/(r-v).

Sobre rochas do interior, expostas.



**NORMANDINA Nyl.**

Talo de pequenas escuámulas, en forma de cuncha ou orella de cor verdosa, cas marxes prominentes e voltos cara arriba, e soráis nos mesmos. Estéril.


Crece sobre todo tipo de substratos, preferentemente musgos e cortizas, en zonas húmidas.

	Cl	O	S	CO
<i>Normandina pulchella</i> (Borrer) Nyl.	■		■	

***Normandina pulchella* (Borrer) Nyl.**

A descripción axústase á do xénero.

No supralitoral xérico e mais raramente na zona terrestre. Sobre outros liques e hepáticas. Tamén sobre eucaliptos e *Acacia melanoxylon*.



*OCHROLECHIA A. Massal.*

Talo crustáceo, grosso, abrançazado ou grisáceo. Apotecios lecanorinos grandes, de tons rosados ou amarelevantos, as vezes cubertos de pruína e cun rebordo ben desenvolvido. Esporas 2-8, simples, incoloras e con parede grossa.

**Pertusaria** ten os apotecios afundidos no talo.

Sobre cortiza e rochas.

	Cl	O	S	CO
<i>Ochrolechia pallescens</i> (L.) A. Massal.	■			
<i>Ochrolechia parella</i> (L.) A. Massal.	■	■	■	■

*Ochrolechia pallescens* (L.) A. Massal.

Talo de liso a verrucoso, gris abrançazado, C±(a). Apotecios de gran tamaño, ata 2-3 mm, con rebordo moi grosso C±(a) e disco amarelento ou acastañado, cuberto por pruína, C+ e KC+ (v).

Sobre chopos.



108

***Ochrolechia parella* (L.) A. Massal.**

Ten as mesmas características que a especie anterior, pero é saxícola.

Vive nas rochas do supralitoral superior, en hábitats expostos.



*OPEGRAPHA s. lat.*

Talo crustáceo, delgado a groso, liso ou fendido, moi variábel en cor. Alga *Trentepohlia*. Lirelas simples ou ramificadas, negras. Esporas 3 ou mais septos, incoloras, mais ou menos elipsoidais.

As especies se diferencian polas esporas, principalmente.

**Graphis** ten as esporas de parede engrosada; **Paralecanographa grumulosa** lirelas afundidas no talo con moita pruina e esporas con 0-4(-5) tabiques, constreñidas no septo central; **Phaeographis** esporas que se volven pronto marróns.

Sobre árbores e rochas.

	Cl	O	S	CO
<i>Opegrapha atra</i> Pers.*	■			
<i>Opegrapha calcarea</i> Sm. & Sowerby*	■	■	■	
<i>Opegrapha conferta</i> Anzi				■
<i>Opegrapha gyrocarpa</i> Flot.*				■
<i>Opegrapha mougeotii</i> A. Massal.*				■
<i>Opegrapha subelevata</i> Ny.*			■	

*Opegrapha gyrocarpa* e *O. mougeotii* son primeiras citas para Pontevedra.

110

***Opegrapha atra* Pers.**

Talo liso e as veces indistinto, abrancazado a castaño claro. Lirelas numerosas, simples ou ramificadas, illadas ou en grupos. Esporas 3 septos, elipsoidáis a craviformes, 13-18x3-5 µm.


Sobre chopos, piñeiros e *Robinia pseudacacia*.



***Opegrapha calcarea* Sm. & Sowerby**

Talo endolítico. Lirelas simples ou ramificadas. Esporas 3 tabiques, 14-20x4-7 µm.

Nas rochas do supralitoral xérico a zona terrestre, en hábitats expostos.



**PARALECANOGRAPHA Ertz & Tehler**

Talo crustáceo, de ton branco, granulosos, C+(r). Alga *Trentepohlia*. Ascocarpos de formas moi variables, brancos ou azulados e disco pruinoso. Esporas 2-5 tabiques, incoloras, constrinxidas no septo central, cunha vaíña ao redor.

*Dirina* ten apotecios e ***Sclerophyton circumscripum*** da C-, P+(l) no talo.

Saxícola de costa. Parásita.

	Cl	O	S	CO
<i>Paralecanographa grumulosa</i> (Dufour) Ertz & Tehler		■	■	

Primeira cita para Pontevedra.

***Paralecanographa grumulosa* (Dufour) Ertz & Tehler**

Pode aparecer en estado libre ou parasita. En estado libre desenrola un talo grosso, rimoso e granulosos. Lirelas alongadas, co disco pruinoso, solitarios ou en grupos. Esporas 12-15x3-4(5) µm. Parásita de *Dirina massiliensis* con lirelas circulares ata 1 mm de diámetro. Parásita de *Roccella phycopsis* con lirelas circulares <0,8 mm de diámetro.

Forma parte da comunidade de zonas sombrizas e protexidas nas rochas do supralitoral xérico. Tamén pode parasitar da ***Dirina massiliensis*** e ***Roccella phycopsis***.



***PARMELIA* Ach.**

Talo foliáceo de lóbulos anchos, gris a gris verdello ou gris marronáceo e cas marxes sen cilios. Con pseudocifelas. Córtez superior prosoplectenquimático, sen poros. Cara inferior negra, con rizinas negras ata os bordes, simples, as veces ramificadas escuarrosamente.

Son importantes as reccións químicas para determinar as especies.

O xénero *Parmelia* foi dividido en *Flavoparmelia*, *Hypotrachyna*, *Melanelia*, *Parmelia*, *Parmelina*, *Parmotrema* e *Xanthoparmelia*. Ver características e diferencias en cada un deles.

Sobre cortiza e tamén saxícola.

	Cl	O	S	CO
<i>Parmelia saxatilis</i> (L.) Ach.	■			
<i>Parmelia sulcata</i> Taylor	■			

***Parmelia saxatilis* (L.) Ach.**

Talo gris pálido a gris verdello, con bordes marróns. Lóbulos con pseudocifelas, que forman un retículo de líneas blancas na superficie. Isidios gris marróns, confluíntes. Medula K+(I-v), P+(I).

Rochas dende o supralitoral ao interior e sobre árbores.



CC-BY-SA Jymm

*PARMELIELLA* Müll. Arg.

Talo foliáceo, escuamoso ou crustáceo, gris azul a marrón negro, cun hipotalo negro azulado visible no rebordo. Alga Nostoc. Poden presentar isidios e soráis. No soLEN estar fructificados.

Sobre árbores e musgos; raro saxícola.

	Cl	O	S	CO
<i>Parmeliella parvula</i> PM Jørg.	■			

*Parmeliella parvula* PM Jørg.)

Talo escuamoso gris azulado, con soráis marxinales.

Sobre musgos.



CC BY-SA 4.0 Curtis Randall Björk

**PARMELINA Hale**

Talo foliáceo de lóbulos redondeados, coas marxes con cilios restrinxidos ás axilas dos mesmos. Gris a gris verdello ou cun tinte amarelo. Sen pseudocifelas. Córtez superior plectenquimático en empalizada, con poros. Cara inferior marrón escura ou negra, marrón cara as marxes. Rizinas a maioría simples, raramente escuarrosas.

Son importantes as reccións químicas para determinar as especies.

O xénero *Parmelia* foi dividido en *Flavoparmelia*, *Hypotrachyna*, *Melanelia*, *Parmelia*, *Parmelina*, *Parmotrema* e *Xanthoparmelia*. Ver características e diferencias en cada un deles.

Sobre cortiza e as veces saxícola.

	Cl	O	S	CO
<i>Parmelina quercina</i> (Willd.) Hale	■			
<i>Parmelina tiliacea</i> (Hoffm.) Hale	■	■	■	■

***Parmelina tiliacea* (Hoffm.) Hale**

Talo gris, cuberto de diminutos isidios grises a pardo negruzcos coraloides ou non, da mesma cor co talo ou marrón claro. Medula C+(r), KC+(r).

Varios tipos de árbores. Nas rochas do supralitoral xérico ao terrestre, en hábitats expostos ou protexidos.



**PARMOTREMA A. Massal**

Talo foliáceo de lóbulos anchos, gris a gris verdello, cas marxes incisas ou ornamentadas, mais ou menos ciliado. Sen pseudocifelas. Córtez superior paraplectenquimático en empalizada, con poros. Cara inferior negra, cunha ampla marxe marrón e sen rizinas simples.

Son importantes as reccións químicas para determinar as especies.

O xénero *Parmelia* foi dividido en *Flavoparmelia*, *Hypotrichyna*, *Melanelixia*, *Parmelia*, *Parmelina*, *Parmotrema* e *Xanthoparmelia*. Ver características e diferencias en cada un deles.

Sobre cortiza e mais a miudo saxícola.

	Cl	O	S	CO
<i>Parmotrema austrosinense</i> (Zahlbr.) Hale	■			
<i>Parmotrema hypoleucinum</i> (J. Steiner) Hale	■			
<i>Parmotrema perlatum</i> (Huds.) M. Choisy	■	■		■
<i>Parmotrema reticulatum</i> (Taylor) M. Choisy	■		■	■
<i>Parmotrema robustum</i> (Degel.) Hale	■			

*Parmotrema hypoleucinum* rara en Galicia.

**Parmotrema perlatum** (Huds.) M. Choisy

Talo de cor gris, con soráis labriformes nos extremos e as veces con cílios negros. Cara inferior negra no centro e castaña nos bordes, onde lle faltan as rizinas. Medula K+(a), P+(l-v).

Sobre distintas especies de árbores e nas rochas do supralitoral xérico á zona terrestre. Abondosa tanto en hábitats expostos coma protexidos.



**Parmotrema reticulatum** (Taylor) M. Choisy

Talo gris, cun retículo de pseudocifelas que se agretan, formando coma un mosaico. Soráis nos extremos dos lóbulos. Faltan as rizinas no bordo do talo. Medula k+(v sangue), KC+(a), P+(l).

En rochas do supralitoral mais alto á zona terrestre, en hábitats expostos.



***PECTENIA* PM Jørg., L. Lindblom, Wedin & S. Ekman**


Talo foliáceo, gris azulado a gris acastañado, cun hipotalo aterciopelado arredor. CórTEX inferior cun denso felpo de rizinas negro azulado. Alga Nostoc. Apotecios lecideíños, de tons marróns vermellos. Esporas simples, incoloras, elipsoidais.

Sobre cortiza e rochas.

	Cl	O	S	CO
<i>Pectenia atlantica</i> (Degel.) PM Jørg., L. Lindblom, Wedin & S. Ekman	■		■	

***Pectenia atlantica* (Degel.) PM Jørg., L. Lindblom, Wedin & S. Ekman**  
Talo azul grisáceo cuberto de isidios erectos e coraloides. Estéril.

Saxícola das rochas do supralitoral xérico, en situacíons expostas e protexidas.



*PELTIGERA* Willd.

Talo foliáceo de gran tamaño. Cara inferior sen córtex, festrada, con venas e rizinas en forma de mecha. Alga Nostoc. Apotecios nas marxes dos lóbulos, en forma de uña. Esporas multiseptadas, incoloras a marrón pálidas, fusiformes ou aciculares.

**Nephroma** posúe cortex inferior e non ten veas nem rizinas.

Sobre solo, musgos, troncos.

	Cl	O	S	CO
<i>Peltigera canina</i> (L.) Willd.	■			
<i>Peltigera hymenina</i> (Ach.) Delise	■			
<i>Peltigera praetextata</i> (Sommerf.) Zopf				■
<i>Peltigera rufescens</i> (Weiss) Humb.	■			

***Peltigera hymenina* (Ach.) Delise**

Talo castaño escuro. Córtez inferior con venas ocres pálidas a escuas que chegan ata ao extremo dos lóbulos; rizinas pálidas, simples.

Sobre terra, no supralitoral mais alto e na zona terrestre, en hábitats expostos ou protexidos.



**PELTULA Ny1.**

Talo escuamoso-crustáceo o con escuámulas elevadas, raramente circulares, adheridas ao sustrato por rizinas ou un embigo, de cor verde oliva ata marrón oliva, con ou sin soráis. Isidios pouco frecuentes.

Solos e rochas


	Cl	O	S	CO
<i>Peltula euploca</i> (Ach.) Poelt			■	

Moi escasa en Galicia e primeira cita para A Coruña.

***Peltula euploca* (Ach.) Poelt**

Talo foliáceo, embigado, de escuámulas individuales, dispersas, cas marxes cara abajo sorediadas. Superficie con soredios fariñentos negros.

Rochas do interior.



***PERTUSARIA* s. lat.**

Talo crustáceo, a miúdo abrançazado, con soráis ou isidios. Apotecios lecanorinos, afundidos en verrugas do talo, dos que so se ve un poro, polo que parecen peritecios. Esporas x1-8, simples, incoloras, de gran tamaño, elipsoidáis e cunha parede moi grosa e ornamentada.

Para a identificacións das especies son importantes as reaccións químicas.

***Ochrolechia*** ten os apotecios sésiles.

Saxícola e epífita.

	Cl	O	S	CO
<i>Pertusaria amara</i> (Ach.) Nyl.*	■			
<i>Pertusaria excludens</i> Nyl.*	■			■
<i>Pertusaria heterochroa</i> (Müll. Arg.) Erichsen	■			
<i>Pertusaria melanochlora</i> (DC.) Nyl.*	■		■	
<i>Pertusaria pertusa</i> (L.) Tuck. var. <i>rupestris</i> (DC.) Dalla Torre & Sarnth.	■			
<i>Pertusaria pluripunctata</i> Nyl.	■	■	■	
<i>Pertusaria pseudocorallina</i> (Lilj.) Arnold	■			

***Pertusaria heterochroa* (Müll. Arg.) Erichsen**

Talo delgado, continuo as veces finamente fendido ou non visible, K+(a). Apotecios en verrugas. Esporas x2,70-170x25-65 µm, con parede estriada, 10-15 µm de ancho.

Sobre diversas árbores.



*PHAEOGRAPHIS* Müll. Arg.

Talo crustáceo, delgado e as veces inmerso. Alga *Trentepohlia*. Lirelas negras, simples, ramificadas ou en estrela. Esporas multiseptadas, incoloras, volvéndose moi pronto marróns, en forma de lente biconvexa.

**Graphis** ten as esporas de parede engrosada; **Opegrapha** as esporas permanecen incoloras; **Paralecanographa grumulosa** lirelas afundidas no talo con moita pruína e esporas con 0-4(-5) tabiques, constreñidas no septo central.

Epífita.

	Cl	O	S	CO
<i>Phaeographis dendritica</i> (Ach.) Müll. Arg.	■			

*Phaeographis dendritica* (Ach.) Müll. Arg.

Talo abrançazado, liso a fendido-areolado. Lirelas negras, simples a ramificadas, afundidas ou sésiles. Esporas 6-9 tabiques, 28-49x6-10 µm.

Sobre *Quercus pyrenaica* e falsas acacias.



**PHAEOPHYSCIA Moberg**

Talo foliáceo de lóbulos estreitos de menos de 1,5 mm de ancho, de tons grises ou acastañados. Cara inferior escura (as veces crara) con rizinas simples, sen cílios marxináis. Apotecios lecanorinos, marróns ou negros. Esporas cun tabique, marróns, paredes grosas.

Saxícola e epífita.

	Cl	O	S	CO
<i>Phaeophyscia orbicularis</i> (Necker) Moberg	■			

***Phaeophyscia orbicularis* (Necker) Moberg**

Talo verde grisáceo, con lóbulos superpostos 1-2 mm. Soráis convexos, maculiformes. CórTEX inferior negro, con rizinas da mesma cor que chegan ata o borde, onde teñen os ápices de cor branca.

Nas rochas da zona terrestre en hábitats protexidos.



***PHYSCIA* (Schreb.) Michx.**

Talo foliáceo, de lóbulos estreitos, abrançazados ou gris claros, K+(a). Medula K± (a). Córtez inferior branca. Rizinas e as veces cilios nos bordos. Poden ter soráis ou isidios. Apotecios lecanorinos, marróns ou negros. Esporas un tabique, marróns, de parede grossa.

***Physconia*** ten o talo acastañado con abundante pruina, K-.

Saxícola e epífita.

	Cl	O	S	CO
<i>Physcia adscendens</i> H. Olivier	■	■	■	■
<i>Physcia caesia</i> (Hoffm.) Fürnr.	■	■		
<i>Physcia clementei</i> (Turner) Lyngé	■			
<i>Physcia leptalea</i> (Ach.) DC.	■			
<i>Physcia mediterranea</i> Nimis	■		■	
<i>Physcia stellaris</i> (L.) Nyl.	■			
<i>Physcia tenella</i> (Scop.) DC.	■			
<i>Physcia tribacia</i> (Ach.) Nyl.	■		■	
<i>Physcia tribacoides</i> Nyl.	■		■	

*Physcia mediterranea* é moi rara en España e primeira cita para Galicia.

***Physcia adscendens* H. Olivier**  
Talo con cilios marxináis de cor crara, excepto no ápice que son marróns. Soráis en forma de capucho no extremo dos lóbulos. Medula K-.

Sobre todo tipo de árbores e nas rochas do supralitoral, en hábitats expostos.



*PHYSCONIA* Poelt

Talo foliáceo, orbicular, acastañado, bastante adherido ao substrato, con abundante pruina nos extremos dos lóbulos. Apotecios lecanorinos, marróns e cubertos de pruina. Esporas cun tabique grosso, marróns.

**Physcia** ten o talo abrancazado, sen pruina, K+(a).

Preferentemente sobre árbores.

	Cl	O	S	CO
<i>Physconia distorta</i> (With.) JR Laudon	■			
<i>Physconia enteroxantha</i> (Nyl.) Poelt	■			
<i>Physconia grisea</i> (Lam.) Poelt	■			

***Physconia grisea* (Lam.) Poelt**

Talo gris a gris marrón, con pruina ao final dos seus lóbulos. Soráis ao longo das marxes dos lóbulos ou no centro do talo. CórTEX inferior craro con rizinas simples e craras. Medula branca.

Sobre piñeiro.



**PLACYNTHIELLA Elenkin**

Talo crustáceo formado por diminutos isidios granulares, marrón-verde escuros. Apotecios lecideínos, vermelho-marróns. Esporas 0-1 tabique, incoloras e cunha gota de lípido de gran tamaño.

Sobre substratos acedos, cortiza, solo ou rocha.

	Cl	O	S	CO
<i>Placynthiella icmalea</i> (Ach.) Coppins & P. James				■

***Placynthiella icmalea* (Ach.) Coppins & P. James**

O talo parece unha costra de isidios de cor marrón. Talo C+(v), KC+(v).

Cortiza.



*POLYCHIDIUM (Ach.) Gray*

Talo fruticuloso de moi pequeno tamaño, formado de filamentos ramificados, gris azulados a negros. Alga Nostoc ou Scytonema. Os filamentos están compostos das cianofíceas, rodeados por unha capa de células fúnxicas. Apotecios lecideíños, pardos. Esporas 0-1 septo, incoloras, elipsoidáis ou fusiformes.


Hai especies saxícolas, epífitas e muscícolas.

	Cl	O	S	CO
<i>Polychidium muscicola</i> (Sw.) Gray		■		

*Polychidium muscicola* (Sw.) Gray

Talo negruzco, de filamentos lisos, divididos dicotómicamente ou mais raramente en forma palmeada.

Sobre musgo.



**PORINA Müll. Arg.**

Talo crustáceo pouco desenvolvido. Alga Trentepohlia. Peritecios inmersos ou sésiles. Esporas con tabiques, incoloras.

**Acrocordia** ten as esporas nunha fila na asca, 1(-3) tabiques, cos extremos redondeados e as células iguais; **Anisomeridium** ten ascas uniu ou biseriadas, esporas 1-3 septos, ovoides ou clavado fusiformes.

Saxícola e menos frecuente sobre cortizas ou solo.

	Cl	O	S	CO
<i>Porina chlorotica</i> (Ach.) Müll. Arg.			■	■
<i>Porina curnowii</i> AL Sm.	■		■	

*Porina curnowii* está distribuída sómente pola costa do SO de Inglaterra, SO de Irlanda e a Bretaña Francesa; en España só é coñecida en Galicia.

**Porina curnowii** AL Sm.

Peritecios negros  $\pm$  0,2 mm. Esporas ata 7 tabiques, fusiformes, estreitas, (22)26-52x(2)3-4  $\mu\text{m}$ .

Nas rochas do supralitoral superior, en hábitats protexidos.



PL Nimis, de <http://dryades.units.it/italic>, CC BY-SA 4.0

**PORPIDIA Körber**

Talo crustáceo de tons brancos ou grises; a miúdo ferruxíneos porque "absorben" o ferro das pedras. Apotecios lecideinos, grandes, negros. Esporas simples, incoloras.

As especies se diferencian, sobre todo, por caracteres microscópicos.

**Lecidea** se diferencia por caracteres microscópicos: a tinción da asca (tipo *Porpidia* ou tipo *Lecidea*) e as paráfisis do himenio moi ramificadas en ***Porpidia*** e simples en ***Lecidea***.

Saxícola, mais rara epífita.

	Cl	O	S	CO
<i>Porpidia cinereoatra</i> (Ach.) Hertel & Knoph	■			■
<i>Porpidia crustulata</i> (Ach.) Hertel & Knoph	■	■		■
<i>Porpidia macrocarpa</i> (DC.) Hertel & A J Schwab		■		
<i>Porpidia platycarpoides</i> (Bagl.) Hertel	■	■	■	■
<i>Porpidia tuberculosa</i> (Sm.) Hertel & Knoph				■

***Porpidia cinereoatra* (Ach.) Hertel & Knoph**

Talo fendido areolado, gris, con hipotalo negro. Apotecios 0,3-2 mm, primeiro afundidos, depois mais saíntes sen chegar a ser sésiles, as veces cunha lixeira pruína branca. Himenio 120  $\mu\text{m}$  de alto. Epitecio e hipotecio marrón verdello. Esporas 16-23x6-11  $\mu\text{m}$ .

Nas rochas do supralitoral mais alto á zona terrestre, en lugares sombrizos.



***Porpidia crustulata* (Ach.) Hertel & Knoph**

Talo moi delgado ou non visible. Apotecios 0,8-1 mm, con rebordo que non desaparece. Himenio (50-)60-70(-90) $\mu\text{m}$  de alto. Epitecio marrón verdello. Hipotecio marrón escuro. Esporas (9-)10-15x(3-)4-5(-6)  $\mu\text{m}$ .


Nas rochas do supralitoral xérico á zona terrestre; en localidades expostas ou protexidas.



***Porpidia platycarpoides* (Bagl.) Hertel**

Talo coa superficie verrucosa, branco ou gris, K+(a-l), P+(l). Apotecios grandes 0,5-3 mm, lixeiramente inmersos a sésiles, a miúdo lixeiramente pruinosos. Himenio 120-150 µm. Epitecio marrón oliva. Esporas 15-23(-26)x7-10(-12) µm. Caracterizada polas reaccións químicas do talo.

Nas rochas do supralitoral xérico á zona terrestre (onde é menos abondosa); tanto en localidades expostas coma sombrizas, sempre en situacións expostas (superficies verticais e subverticais, rochas planas no chan, valados).



*PROTOPARMELIA* M. Choisy

Talo crustáceo, rimoso, verrucoso a areolado, marrón gris claro a escuro ou acastañado. Apotecios lecanorinos, marróns. Esporas simples, incoloras.

**Lecanora** non ten pigmentación marrón do talo e as esporas son mais anchas.

Sobre rochas e cortiza.


	Cl	O	S	CO
<i>Protoparmelia montagnei</i> (Fr.) Poelt & Nimis			■	

Pouco citada en Galicia.

*Protoparmelia montagnei* (Fr.) Poelt & Nimis

Talo fendido-areolado, castaño escuro. Medula C+(r), KC+(r), K+(a-l). Apotecios co disco marrón escuro e rebordo lixeiramente mais claro co disco. Esporas 9-13x2-3,5(-4,4)µm.

Nas rochas da zona supralitoral xérica, en hábitats expostos.



*PSILOLECHIA A. Massal.*

Talo leproso amarelo-verde brillante. Sole crecer estéril.

***Chrysotrix*** ten o talo amarelo limón intenso.

Saxícola en lugares protexidos, mais ou menos húmidos.

	Cl	O	S	CO
<i>Psilolechia lucida</i> (Ach.) M. Choisy				■

***Psilolechia lucida* (Ach.) M Choisy**

Coincide ca descripción do xénero.

En rochas protexidas e húmidas da zona interior.



*PYRENOCOLLEMA s. lat.*

Talo crustáceo, inmerso ou superficial. Alga *Gloeocapsa*, *Hyella* ou *Nostoc*. Peritecios negros. Esporas un septo, cunha célula mais ancha e mais curta ca outra, incoloras, obovoide-fusiformes.

Crecen en substratos calcarios, en situacíons húmidas, ou rochas acedas en ríos ou ambientes mariños.


	Cl	O	S	CO
<i>Pyrenocollema elegans</i> R. Sant.		■		
<i>Pyrenocollema halodytes</i> (Nyl.) RC Harris*	■	■	■	■

*Pyrenocollema elegans* é rara en España e primeira cita para Pontevedra.

*Pyrenocollema halodytes* (Nyl.) RC Harris

Talo dende superficial, liso, marrón a marrón oliva sobre as rochas ou non visible sobre cunchas de arneiróns ou lapas. Peritecios cun anel prominente arredor do poro, un tercio inmersos nas rochas u totalmente afundidos nas cunchas. Esporas cas células desiguais, unha mais ancha e co ápice romo e a outra estreita e puntiaguda, 12-20(-27)x5-8(-10) µm.

Especie característica da zona litoral, nas rochas expostas ou protexidas ou sobre cunchas de lapas e arneiróns.



**RAMALINA Ach.**

